



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 24 DE NOVIEMBRE DE 2022

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as vinte horas do día vinte e catro de novembro de dous mil vinte e dous, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. DANIEL MALLO CASTRO
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE
D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. MIGUEL ÁNGEL GUTIÉRREZ NIETO
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D. DIEGO ALCANTARILLA REI

Polo grupo municipal do PP:

D. JUAN MARÍA ABALO CASTEX
D.^a MARÍA JESÚS GONZÁLEZ ROEL
D.^a MARTA MARÍA VÁZQUEZ GOLPE

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D.^a SANDRA SÁNCHEZ VIEITES

Polo Grupo Mixto:

D.^a MARÍA OLGA SANTOS LÓPEZ (de EU-Son en Común)
D.^a MARÍA JOSÉ GARCÍA HIDALGO (de C's)

Non asisten á sesión a Sra. concelleira do grupo político de UxC, dona Elisa Pestonit Barreiros, e a Sra. concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, dona Lúa Sanguñedo Álvarez.

Asiste á sesión o interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

Non obstante, faise constar que debido a problemas técnicos a gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202211241900590000_FH), non abarca o vídeo completo da sesión do día 24 de novembro de 2022, senón soamente o tempo transcorrido dende o inicio da sesión ata as vinte horas e corenta e sete minutos, polo que se recolle nesta acta o resto dos asuntos examinados, xunto coas opinións sintetizadas dos membros da Corporación que interviñeron nas deliberacións e incidencias destas.

O presente documento, xunto coa gravación dispoñible no citado enderezo electrónico, constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2022

Acceso á videoacta – 00:00:50 horas

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección observación á acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2022, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2022, sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2022.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. EXPEDIENTE NÚMERO 3/2022

Acceso á videoacta – 00:01:06 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de novembro de 2022 (CVD: 4iBDqVWAstJEziVOfg4E), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión de data 17 de novembro de 2022, que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 3/2022.

Vista a relación de facturas e gastos que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 30.766,80 euros.

Visto que as facturas e gastos que se pretende aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra, non terse conformado polos responsables do contrato ou ben por mor da acumulación de tarefas ao fin do exercicio na intervención municipal.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a "expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio".

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. ("Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicárianse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Vista a fiscalización realizada pola intervención municipal, tal e como preceptúa o artigo 214.2 a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (CVD: EsmDU33e5B0OfJ9t6EGu).

Vista a nota informativa de secretaría 42/2022 de data 14 de novembro de 2022 (CVD: KHFw5p2H2MxohLp/FBGI).

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito núm. 3/2022 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2022 por importe de 30.766,80 euros, correspondente ás facturas e gastos, que se relacionan a continuación:

Nº ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2021/1849	27/09/2021	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	1.649,61
F/2021/2531	14/12/2021	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.065,37
F/2022/1741	18/08/2022	V70282975	GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE CAMBRE	5.000,00
F/2022/1876	06/09/2022	A15474281	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.	7.101,01
F/2022/1885	07/09/2022	A15474281	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.	7.367,94
F/2022/1886	07/09/2022	A15474281	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.	6.964,87
F/2022/2249	21/10/2022	P1500000C	DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA	312,00
F/2022/2250	20/10/2022	P1500000C	DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA	306,00
			TOTAL	30.766,80 euros

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Terceiro.- Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.»

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de novembro de 2022, obténdose o seguinte



resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de novembro de 2022 (CVD: 4iBDqVWastJEziVOfg4E), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. EXPEDIENTE NÚMERO 4/2022

Acceso á videoacta – 00:02:46 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de novembro de 2022 (CVD: JeG1+h1VGtDqH1L1uYI/), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión de data 17 de novembro de 2022, que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 4/2022

TEDEC 2022/G006/000262

Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 5.927,50 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...”).

Por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o

importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Vista a fiscalización realizada pola intervención municipal, tal e como preceptúa o artigo 214.2 a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (CVD: EsmDU33e5B0OfJ9t6EGu).

Vista a nota informativa de secretaría 42/2022 de data 14 de novembro de 2022 (CVD: KHFw5p2H2MxohLp/FBGI).

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar os reparos formulados pola intervención municipal.

Segundo.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito núm. 4/2022 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2022 por importe de 5.927,50 euros, correspondente ás facturas que se relacionan a continuación:

Nº ENTRADA	DE DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2022/1568	25/07/2022	A28791069	KONE ELEVADORES, S.A.	381,15
F/2022/1569	25/07/2022	A28791069	KONE ELEVADORES, S.A.	381,15
F/2022/1633	02/08/2022	A28791069	KONE ELEVADORES, S.A.	315,00
F/2022/1634	02/08/2022	A28791069	KONE ELEVADORES, S.A.	315,00
F/2022/1635	02/08/2022	A28791069	KONE ELEVADORES, S.A.	315,00
F/2022/1636	02/08/2022	A28791069	KONE ELEVADORES, S.A.	315,00
F/2022/1637	02/08/2022	A28791069	KONE ELEVADORES, S.A.	315,00
F/2022/1638	02/08/2022	A28791069	KONE ELEVADORES, S.A.	315,00
F/2022/1934	14/09/2022	B15609530	AUTECO SEGURIDAD,S.L.	1.618,21
F/2022/1942	14/09/2022	B15609530	AUTECO SEGURIDAD,S.L.	814,49
F/2022/2243	20/10/2022	B70495973	TESGAL TECHNOLOGIES, S.L.	842,50
			TOTAL	5.927,50 euros

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Cuarto.- Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de novembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoa e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Nove (9), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Abstencións: Ningún (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de novembro de 2022 (CVD: JeG1+h1VGtDqH1L1uYI/), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.3. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

Acceso á videoacta – 00:24:57 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de novembro de 2022 (CVD: QqE//dfPPN8L1aJKnrNb), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión de data 17 de novembro de 2022, que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de modificación da Relación de postos de traballo

Expediente: 2022/E004/000001

O Concello de Cambre ten a obriga de garantir o cumprimento da Lei polo que debe asumir a obriga de dotar ao corpo da Policía Local con medios materiais e persoais axeitados e suficientes, tal e como establece o artigo 22.3 da Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia, en diante LCPGL.

Un dos preceptos desta lei, artigo 27.1, establece o deber de nomeamento dun xefe do corpo polo Alcalde a través do procedemento de libre designación: “O nomeamento do xefe do corpo de Policía Local será efectuado polo alcalde polo sistema de libre designación...”

Por iso, en 2021 noméase ao Xefe da Policía Local para dar cumprimento á obriga de crear e dotar ao Corpo de Policía, do posto de xefe da Policía Local (artigo 27.1 da LCPG) seguindo o procedemento proposto pola área técnica de Recursos Humanos.

O Concello de Cambre designou como Xefe de Policía Local por resolución de Alcaldía nº 1285/2021, de 2 de agosto, a A.P.G. Sen embargo, o Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de A Coruña, dicta sentenza no procedemento abreviado 173/21, anulando as resolucións do procedemento sobre a provisión do posto e de resolución da convocatoria e nomeamento do Xefe de Policía Local, sendo o seu fallo o seguinte:

«Se estima la demanda interpuesta por el Letrado D. G T B, en nombre y representación de D. J A B R, D. J F R R y D. J A G interpuso recurso contencioso administrativo frente:

1º.- La Resolución de 24 de mayo de 2021 dictada por el Ayuntamiento de Cambre, en la que se desestima el recurso de reposición interpuesto por los actores contra la Resolución número 470/2021, de la Concejala Delegada de Economía y Hacienda y Recursos Humanos de 9 de abril de 2021, en la que se aprueban las Bases de la Convocatoria para la provisión del puesto de Inspector-Jefe de la Policía Local del Ayuntamiento de Cambre, por el procedimiento de libre designación, con convocatoria pública (BOP de A Coruña de 15 de abril de 2021).

2º.- La Resolución de la Alcaldía de Cambre número 1285/2021, de fecha 2 de agosto por la que nombra Jefe de Policía Local de Cambre al Inspector de Policía D. J A P G, de conformidad con el artículo 27.1 de la Ley 4/2007, de coordinación de Policía Locales.

Se declaran no conformes a derecho y se anulan las resoluciones recurridas, con revocación del nombramiento de D.J A P G.

Se condena a la Administración demandada a estar y pasar por las anteriores declaraciones.

No se realiza especial imposición de costas. (...)»

Recibida a sentenza, esta foi recurrida polo Concello ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Transcríbese a seguir a ficha da RPT de Inspector de Policía local contida na vixente RPT:

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: INSPECTOR DE LA POLICÍA LOCAL

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Organización y dirección de los servicios de la Policía Municipal, asignación del personal a los distintos servicios y demás funciones establecidas en la Ley de Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 1

Código: AL151700019 – Tipo de puesto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:

FUNCIONARIOS :
SUBGRUPOS : A2
ESCALA : Administración Especial
SUBESCALA : Servicios Especiales
CLASE : Policía Local
CATEGORÍA : Inspector

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Diplomado, equivalente.

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

Disponibilidad y dedicación para el ejercicio de las funciones del puesto fuera de la jornada habitual de trabajo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 22

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 15.147,72 euros (1081,98 MES+2 pagas)

OBSERVACIONES:

Co fin de dar solución ao problema xerado pola provisión do posto de Inspector a través de libre designación, cando a ficha da RPT recolle como forma de provisión o concurso, posibilidade esta descartada claramente na sentenza condenatoria referida que se está a recurrir, e considerando necesario este Goberno, dotar ao Corpo dun xefe de Policía local, que segundo o referido artigo 27 da LCPGL, unicamente se pode proveer empregando a libre designación, dende a Alcaldía emítase unha providencia solicitando informe á Secretaria Municipal e ao Interventor sobre este tema, sendo as súas conclusións contradictorias.

Por un lado, o Interventor Municipal sinala, no seu informe de data 21 de xullo de 2022, que *a entender de esta intervención el procedimiento sería el siguiente:*

1. Creación del puesto denominado Jefe de Policía Local mediante la modificación de la RPT.
2. Acuerdo plenario
3. Cobertura por libre designación

Por outro, a Secretaria Municipal, en informe de data 3 de agosto de 2022, conclúe que "(...) Á vista do exposto, tendo en conta as limitacións en canto á taxa de reposición de efectivos contidas na LPXE, a xuízo da que subscribe non é posible actualmente a ampliación da plantilla mediante a creación da praza que se requiriría para a provisión dun novo posto de xefe da policía local a crear na RPT."

Ante esta situación, solicítase informe á Universidade de A Coruña sobre o particular. Informe no que se confirma que "desde a entrada en vigor da LCPLG (23 de maio de 2007) o Concello de Cambre ten a obriga de inexcusábel de crear e proveer o posto de Xefe da Policía Local, de conformidade co disposto no artigo 27.1 dese corpo legal".

En concreto, o informe do profesor titular de Dereito administrativo da Universidade da Coruña, logo dunha ampla motivación, conclúe o seguinte:

«1. Desde a entrada en vigor da LCPLG (23 de maio de 2007) o Concello de Cambre ten a obriga de inexcusábel de crear e proveer o posto de Xefe da Policía Local, de conformidade co disposto no artigo 27.1 dese corpo legal.

2. A LCPLG diferencia de forma nítida entre os postos de xefe ou xefa da policía local e os de inspector ou inspectora, tanto polo que se refire ás súas funcións como tamén polo que atines ao procedemento de provisión.

Das previsión legais contidas na LCPLG de que o posto de xefe ou xefa do corpo de policía local debe ser provisto por persoal funcionario que "teñan a máxima categoría do cadro de persoal do corpo de Policía do concello" ou funcionarios e funcionarias de igual categoría procedentes doutros Concellos galegos (artigo 27.1) e de que en todo caso (isto é, para o suposto de que a máxima categoría do corpo correspondente non pertenza á escala superior), corresponderán "ao xefe do corpo as funcións atribuídas á escala superior" (artigo 25.2) non se pode tirar a conclusión de que o posto de xefe se confunde, sen máis, cos postos de máxima categoría existentes no corpo de policía local de que se tratar. Se tal fose a intención do lexislador, bastaríalle con prever expresamente na lei esa identificación e non sería necesario regular a xefatura como posto específico. Mais esa non foi a opción do lexislador galego.

De modo que o único xeito de proceder conforme a dereito é modificar a RPT do Concello, a través do procedemento previsto no artigo 202 LEPG, a fin de dar cumprimento ao mandato de creación e provisión a través do procedemento de libre designación do posto de xefe ou xefa da policía local, contido no artigo 27.1 LCPLG.

3. A creación dun novo posto de traballo na RPT non vén condicionada nin pola taxa de reposición de efectivos nin tampouco polas limitacións establecidas polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado para os gastos de persoal ou para as retribucións do persoal ao servizo do sector público.

4. Nin a creación do posto de xefe da policía local na RPT nin tampouco a convocatoria do procedemento para a súa cobertura ou provisión están suxeitas a prelación ou orde de preferencia ningunha.

Cuestión distinta é que existindo na RPT só un posto de inspector de policía local, a secuencia lóxica sexa a de proceder primeiro a provisión dese posto - ben definitiva por medio de concurso ou, de ser o caso, provisional por medio de comisión de servizos (artigo 96 LEPG) - para, despois, proceder á convocatoria do procedemento de libre designación para a provisión do posto de xefe da policía local.

5. Dada a diferenciación entre posto de traballo e praza, que deriva da existente entre RPT e cadro de persoal, a provisión do posto de traballo de xefe da policía local non está condicionada pola taxa de reposición de efectivos (artigo 20.6.b da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2022) cando o procedemento de provisión se restrinxa a persoal funcionario que teña a máxima categoría dentro do corpo de policía local do Concello de Cambre. »

Co obxectivo de cumprir coa obriga legal de contar cun Xefe da Policía Local, e tendo en conta que o agora nomeado está a expensas dunha resolución xudicial, é intención do Goberno local dar unha solución totalmente legal fundamentado nas conclusións dos informes técnicos do Interventor municipal e da Universidade, informe do interventor municipal de data 21 de xullo de 2022, e informe do profesor titular de Dereito Administrativo don Carlos Aymerich Cano de data 27 de setembro de 2022.

Remitida unha posible proposta, neste senso asinada por esta concelleira de forma conxunta coa concelleira delegada de Servizos ao xefe da Area de Urbanismo e Rexime interior, este emite informe desfavorable a mesma

con data 09.11.2022, no seguinte sentido «En base a todo iso, e sen prexuízo do informe a emitir pola secretaria da corporación ou da nota de conformidade ao presente, de acordo co artigo 3 apartados 3-d), 6º e 4 do Real Decreto 128/2018 polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional que esixe tal informe nos supostos de aprobación e modificación de relacións de postos de traballo, por este informante se informa desfavorablemente a proposta de acordo referida de crear un posto de xefe da Policía Local e, aínda que non se indique en dita proposta, o correspondente incremento da plantilla de persoal que isto implicaría ao terse que incrementar inexorablemente a mesma cunha nova praza de inspector, na medida en que non procede crear un novo posto de traballo que, ademais de que xa existe e está cuberto, o actual marco normativo e o criterio xurisprudencial non o permite, como queda dito.».

Entende esta concelleira, á vista do informe do interventor municipal de data 21 de xullo de 2022, e do informe do profesor de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña, don Carlos Aymerich Cano, o cal realiza unha análise independente da situación, sen atoparse vinculado por informes anteriormente emitidos no propio concello que pudieran condicionar o seu informe, que a solución proposta polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime interior, non avanza na solución do problema ocasionado pola interpretación da normativa aplicable, que realizou no expediente de aprobación das Bases e da convocatoria na resolución num. 470/2021, de 9 de abril de 2021 e na resolución num. 782/2021, de 24 de maio de 2021, desestimando os recursos interpostos.

Estudado o informe realizado pola Universidade, e polo que considero que a provisión do posto de Inspector, ha de realizarse segundo a ficha da RPT mediante concurso, e que a provisión do posto de xefe de Policía se realiza pola contra, mediante libre designación, non debendo limitar ou eliminar a existencia da escala executiva, integrada na Relación de Postos do concello de Cambre, unicamente polo Inspector, por consideralo este goberno insuficiente para a boa xestión do Corpo de Policía local. Polo que, de ser plausible, tal e como se informa, a posibilidade de manter por un lado o posto de Inspector, e por outro de crear o de Xefe de Policía coa categoría de Inspector, é vontade deste Goberno facelo así.

Por tanto, existindo, a posibilidade de ter dous postos diferenciados na Relación de postos de traballo do concello de Cambre, é intencion desta Concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, afondar na posibilidade de dous postos, un de inspector e outro de Xefe de Policía, e non de un só modificado, como se propón polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime interior.

Visto o informe desfavorable da secretaria municipal de data 10 de novembro de 2022 (CVD: 3KwyPsLdmETJpHvOsgQ0).

Visto o informe da xefa da Unidade de Réxime interior de data 11 de novembro de 2022, relativo a valoración das retribucións do novo posto de xefe da Policía local, tendo en conta a valoración da Relación de postos de traballo do concello de Cambre aprobada por acordo do Pleno de data 7 de abril de 1999 (CVD: gXf8jaN5LcaUEUzAzVla), a cal se incorpora á proposta.

Visto o informe favorable con observacións do interventor municipal JUA num. 422/2022 de data 11 de novembro de 2022 (CVD: PGfrnzdes3/VLv0WchJS), no que se indica, entre outros aspectos relevantes, que a existencia de crédito se verificará no exercicio 2023, que con carácter previo a cobertura do posto de inspector, debe procederse á adecuación retributiva da ficha segundo o seu novo lugar na escala xerárquica e as funcións encomendadas, así como a recomendación de modificar a oferta de emprego público para eliminar unha das 2 prazas ofertadas na mesma, para conseguir esa marxe de unha praza, o que outorgará maior seguridade xurídica ao proceso de libre designación ao obter a posibilidade de incorporar un novo efectivo á plantilla. Todo o cal será tido en conta por esta concellería, a cal tramitará os expedientes que resulten necesarios para dar cumprimento ao indicado polo interventor municipal

O órgano competente para a aprobación da Relación de Postos de Traballo e do Cadro de Persoal, ou da súas modificacións, é o Pleno da Corporación, segundo o establecido no artigo 22.2 i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sen necesidade de maioría cualificada.

É por isto polo que se propón a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo (R.P.T.) consistente na modificación da ficha da RPT do posto de "Inspector da Policía Local" co obxectivo de recoller na ficha as funcións propias do posto, porque as que se recollen na actualidade son as correspondentes ao Xefe de Policía Local.

Segundo: Aprobar inicialmente a modificación da ficha da Relación de Postos de Traballo correspondente ao posto de “Inspector da Policía Local”, tal e como se transcribe a continuación:

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: INSPECTOR DE LA POLICÍA LOCAL

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Realiza las funciones especificadas en la Ley de Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado. Mando operativo y la supervisión de las tareas ejecutivas de las unidades a su cargo.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 1

Código: AL151700019 – Tipo de puesto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:

FUNCIONARIOS :
SUBGRUPOS: A2
ESCALA : Administración Especial
SUBESCALA : Servicios Especiales
CLASE : Policía Local
CATEGORÍA : Inspector

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Diplomado, equivalente.

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

Disponibilidad y dedicación para el ejercicio de las funciones del puesto fuera de la jornada habitual de trabajo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 22

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 15.147,72 euros (1081,98 MES+2 pagas)

OBSERVACIONES: *Se deja la configuración de la ficha en lo relativo al complemento de destino y complemento específico, a la nueva RPT para una regulación retributiva armonizada con el resto de los integrantes del cuerpo de la Policía local de Cambre.*

De proceder a su cobertura previamente a la aprobación de la RPT, se deberá hacer una valoración de la misma individualizada siguiendo las recomendaciones del interventor.

Terceiro: Aprobar inicialmente a modificación da Relación de postos de traballo consistente na inclusión na mesma do posto de “Xefe da Policía Local”, recollendo as funcións propias que para dito posto establece a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local de Galicia. Aprobando tamén o Complemento de Destino 26 e Complemento Específico de 20.294,82 euros, calculado en base á fórmula aprobada na RPT aprobada en 1999 e actualizada a día de hoxe, segundo o informado pola xefa da Unidade de Réxime interior con data 11 de novembro de 2022.

A valoración das condicións particulares do novo posto de traballo de xefe da Policía Local, parte da valoración levada a cabo entre 1998 e 1999 pola empresa “Estrategia Local, S.A.”, adxudicataria de tales traballos que posteriormente concluíron na relación de postos de traballo que aprobou o Pleno na súa sesión de data 7 de abril de 1999.

Para esta valoración de postos tivéronse en conta distintos factores de valoración. Estes factores foron os seguintes:

- Condicións ambientais e de risco.
- Coñecementos e habilidades.
- Autonomía.
- Incertidume.
- Responsabilidade polo traballo propio.
- Responsabilidade polo traballo doutros.

Cada un destes factores evaluáronse nunha escala de 0 a 50 puntos. A suma dos puntos obtidos nos seis factores produce directamente o resultado en puntos da valoración dos postos de traballo, tal e como manifestaba a entidade "Estratexia Local, S.A." no seu informe sobre dita valoración e no seu anexo do 12 de xaneiro e 30 de abril de 1998, respectivamente.

Habida conta dos factores anteriormente indicados e a puntuación outorgada a distintos postos que sin ser idénticos pertencen ao mesmo grupo profesional e teñen iguais responsabilidades de dirección e xefatura ou de responsabilidade e de dificultade técnica, se formula a seguinte valoración:

- **Condicións ambientais e de risco:** *Dentro de este factor valórase o traballo á intemperie, esforzos físicos, penosidade, toxicidade, nocturnidade, turnicidade ou a peligrosidade de forma habitual. Ao non terse en conta os factores que se produzan de forma esporádica, no caso de que estes se producisen, como por exemplo, en turnicidades o pernoctacións de frecuencia irregular, debería definirse un tramo variable de complemento específico de aplicación soamente cando se produza a incidencia.*

Tendo en conta que noutras xefaturas que non asumen ditas condicións ambientais e de risco teñen unha valoración de 15 puntos, e que os axentes de policía teñen unha valoración de 25 puntos, poderíase outorgar unha valoración intermedia entre dita puntuación, valorando que aínda que non de forma habitual, o posto de xefe de policía sí debe ter valoración superior a outras xefaturas por "traballo á intemperie, esforzo físico, penosidade, toxicidade, nocturnidade, turnicidade ou peligrosidade" xa que dirixe e xestiona operativos coas condicións de risco sinaladas.

- **Coñecementos e habilidades:** *Este factor valora o tempo necesario e o nivel de dificultade que hai que superar para adquirir os coñecementos e habilidades necesarios para o correcto desempeño do posto de nivel básico exigible. Pondérase tanto o tempo e dificultade de adquisición de coñecementos técnicos e metodolóxicos.*

Tendo en conta o subgrupo A2 ao que pertence o posto de xefe de policía e a puntuación outorgada a outros postos técnicos de dito subgrupo, como os técnicos de xestión financeira, ou os de xestión de Administración Xeral, outorgaríase unha puntuación de 35 puntos.

- **Autonomía:** *Valora a amplitude do ciclo temporal de encargo e supervisión do traballo por parte do superior xerárquico en condicións medias de competencia directiva do posto superior e de produtividade do posto subordinado. Neste factor valórase mais un posto cando mais longo é o período de tempo que transcorre entre o encargo dunha tarefa por parte do superior e a súa supervisión. Valórase o grado de esixencia para a autoplanificación, autoorganización e autocontrol nas tarefas encomendadas ao posto de traballo.*

Tendo en conta o subgrupo A2 valoraríase con 29 puntos, igual que a outra xefatura do mesmo subgrupo (Unidade de Réxime Interior).

- **Incertidume:** *Valora o grado de dificultade e de predictibilidade da solución dos problemas e incógnitas que o ocupante do posto debe resolver habitualmente. A incertidume dun posto obedece a diversas variables como a presenza de mais ou menos regras, o grado de variabilidade das solucións ás incógnitas que o posto de traballo debe resolverao grado de control sobre as solucións.*

Tendo en conta a natureza do departamento e que a incertidume é maior debido aos imprevistos aos que se enfrenta o corpo da Policía Local, incrementaríase en 2 puntos a puntuación outorgada á xefatura de Réxime Interior (mesmo subgrupo A2).

- **Responsabilidade polo traballo propio:** *Valora a gravidade, impacto e imputabilidade das consecuencias das realizacións do posto de traballo segundo o seu desempeño alcance un maior ou menor nivel de excelencia, a partir*

da excelencia mínima exigible ao posto. Valóranse tres elementos sucesivos: a gravidade, é dicir, o nivel de repercusión económica, temporal, organizativa, institucional u social; o impacto, a máis ou menos inmediata relación de causa efecto entre as tarefas realizadas ou as decisións tomadas e a constatación das consecuencias; e a imputabilidade, é dicir, a maior ou menor probabilidade de que sexa precisamente a ocupante dese posto a quen lle sexan achacadas estas consecuencias.

Equiparase ao xefe de sección servizos coa mesma valoración de 31 puntos polas responsabilidades do posto de traballo e súa similar repercusión organizativa e institucional.

- **Responsabilidade polo traballo de outros:** Valora a gravidade, impacto e imputabilidade para o titular do posto das tarefas e decisións dos subordinados. Este factor aumenta a maior número de subordinados, a maior gravidade e impacto das consecuencias da súa actividade e a maior imputabilidade sobre o superior das consecuencias das tarefas e decisións dos subordinados.

Equipárase ao coordinador de cultura polo número de subordinados que de dito posto dependen.

Segundo as valoracións efectuadas o posto de xefe da policía local quedaría coa seguinte puntuación:

POSTO	SUB	CONDICIONS AMBIENTAIS E DE RISCO	COÑECEMENTOS E HABILIDADES	AUTONOMIA	INCERTIDUME	RESPONSABILIDADE SOBRE O TRABALLO PROPIO	RESPONSABILIDADE SOBRE O TRABALLO DOUTROS	TOTAL
xefe policía	A2	20	35	29	35	31	34	184

Tendo en conta que segundo o salario actual dos diferentes postos e a puntuación outorgada na valoración do ano 1999, pódese chegar á conclusión de que a media do valor punto corresponde a un importe aproximado de 250 euros por punto, de onde resulta a cantidade de 46.000 euros de retribución.

En canto ao complemento de destino considérase que o xefe da Policía Local debería ter un nivel similar a outras xefaturas do seu mesmo subgrupo profesional, tomándose como referencia o da xefatura de Réxime Interior que ten establecido o nivel 26 de complemento de destino.

En base ao exposto, o resultado da valoración do posto de traballo que ha de constar na nova ficha de "Xefe da Policía local" que se inclúe na Relación de Postos de traballo, sería a multiplicación da puntuación total obtida, 184 puntos polo valor en euros de cada punto, 250:

Remuneración total	46.000
Salario base	14.626,98
Complemento de destino	11.078,20
Complemento específico	20.294,82

Cuarto: Aprobar a ficha da Relación de Postos de Traballo correspondente ao posto de "Xefe da Policía Local" de Cambre, tal e como se transcribe a continuación:

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: JEFE DE LA POLICÍA LOCAL

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Desempeñar las funciones específicas que se recogen en la Ley Orgánica 2/86; la Ley 4/2007 de Coordinación de Policía Local de Galicia, en la Ley 5/2007 de Emergencias de Galicia y en la Ley 4/1981 de Estados de Alarma, Excepción y Sitio.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 1

Código: AL151700060 – Tipo de puesto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:

FUNCIONARIOS :
SUBGRUPOS: A2
ESCALA : Administración Especial
SUBESCALA : Servicios Especiales
CLASE : Policía Local
CATEGORÍA : Inspector

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Grado universitario, diplomado o equivalente.

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

Disponibilidad y dedicación para el ejercicio de las funciones del puesto fuera de la jornada habitual de trabajo.

FORMA DE PROVISIÓN: Libre designación

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 26

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 20.294,82 euros (1.449,63 euros MES+2 pagas)

OBSERVACIONES:

Quinto: Adoptar o compromiso de incluir no Cadro de Persoal de funcionarios para o exercicio 2023 a praza de "Xefe da Policía Local", quedando a mesma como se transcribe a seguir:

Denominación Praza	Prazas	Grupo - Subgrupo	Escala	Subescala	Clase
(...)					
Xefe da Policía Local	1	A2	Administración Especial	Servicios Especiales	Policía Local
(...)					

Sexto: Someter a información pública a través de anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia o presente acordo, así como o seu expediente polo prazo de 20 días, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia.

Sétimo.- Remitir copia deste acordo modificativo da Relación de Postos de Traballo tanto á Administración Xeral do Estado como á da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de 30 días desde a súa adopción con carácter definitivo, sen prexuízo da publicación integral de ambos documentos no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade cos artigos 127 do Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, e 202.3 da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia.»

(Cando son as vinte horas e corenta e sete minutos, durante a primeira intervención da concelleira, Sra. García Hidalgo, prodúcese un erro na aplicación informática que provoca que non se poida recoller a gravación en vídeo do resto da sesión, polo que a partir deste momento recóllense en acta as opinións sintetizadas dos membros da Corporación que interveñen na sesión, xunto coas incidencias que se producen nela.)

(.../...) A Sra. García Hidalgo pídelles que lle permitan a sorna de sinalar que a autorización do señor alcalde di que consta informe de necesidade asinado polo alcalde; que ela non sabe se están de broma.

Tamén pregunta por que se cambia agora de postura; que o Sr. interventor, ao día seguinte de que llo pida o Sr. alcalde redacta un informe tan prolixo; que todo iso faino o alcalde de forma deliberada, porque contradí os seus propios actos. Dille que se cambiou de postura o lóxico tería sido que cesara ao xefe de policía.

Di que, ademais, llo están dicindo a secretaria e o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior; pregúntalle por que non o pediu previamente, e di que o Sr. alcalde contratou sen someterse á lei, que gastou alegremente máis de 6000 euros e volve preguntarlle para que e por que cambiou de postura. Conclúe dicindo que debería cesar ao xefe.

A Sra. Pan Lesta intervén e manifesta que non van retirar a demanda de apelación; que falou co xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior e díxolle que unha cousa non ten que ver coa outra; que son palabras dun xurista; que el considera que non é obrigatorio retirar ese recurso e van seguir adiante para ver como acaba isto.

Continúa dicindo que a sentenza non é firme, por iso non está cesado o xefe actual; que en canto a que lle estrañe que o interventor sexa tan rápido, dille que é o colmo dos colmos; que ademais, non hai cinco informes en contra, son dous, dous e unha nota informativa.

En canto ao de malgastar 6000 euros por 24 follas, pregúntalle se van cuestionar o informe dun profesor universitario.

Sobre o de non recorrer á Deputación dilles que non o fixeron por unha simple razón, a Deputación é quen lles está a defender nese recurso xudicial, e segue a mesma liña que marca o camiño que comezaron a andar neses primeiros pasos, seguindo os informes técnicos.

Di que dicía o Sr. Abalo que están enredando o asunto, que se antes o fixeron mal agora así xa o están facendo peor, que isto non toca agora e que por que o estamos facendo así; pois están facéndoo, xa llelo comentou agora tamén, porque esa sentenza fixo que intentaran buscar outros camiños e ver se había outras posibilidades e se as había, e resulta que si, é verdade, esta liña pola que agora veñen é a que a oposición marcaba no seu momento.

Continúa dicindo que preguntan por que non o fixeron nese momento, e di que porque nese momento tiñan un informe que lles dicía que foran por outro lado; que lembra perfectamente, non sabe quen da oposición, que lle dixo que igual tiña que dimitir por estar facendo cousas que non debería, que estaban mal, e ela contestoulle que o único que facía era seguir informes técnicos, e fíxoo.

Di que preguntan por que o fan agora, e di que o fan porque se abre outra liña cun informe favorable do interventor municipal, habilitado municipal, que non concorda co que viña defendendo tanto a secretaria como o xefe de Réxime Interior, cuxa primeira liña seguiron e levounos a esa sentenza que, teñen razón, é en contra, non é sentenza firme, e seguirán para adiante para ver en que acaba todo isto, xa que teñen curiosidade por sabelo.

Continúa dicíndolle ao Sr. Varela Fraguío, que dixo que se isto era un interese xeral ou simplemente é que teñen interese por unha parte moi concreta dos traballadores deste concello, que a RPT está, están negociando, xa tiveron unha mesa de negociación, unha segunda mesa, e esta semana que vén terán unha terceira mesa, e a idea é traer a RPT a pleno, así que non están traballando só pola Policía local.

Di que, en canto a contratación, están xa as listas para provisionar, por agora de forma interna, o posto do técnico A2 que marchou para Arteixo. Di que este non é un tema puntual, que só lles preocupe a Policía local, que lles preocupa, pero tamén están traballando pola RPT de todo o Concello de Cambre, e ogallá máis cedo que tarde poida estar aquí para a aprobación, e dilles que ogallá eles teñan a ben aprobala, e aprobar esa RPT que levan os traballadores de Cambre agardando máis de 20 anos.

Di que lle dixo a Sra. Santos López que a súa telenovela non lle quedara moi ben; que ela o que lle di é que cando entrou aquí pensou que viña a un sitio serio, no que se traballaba para os intereses dos veciños de Cambre por mellorar as cousas, e resulta que, ao pouco de empezar, un día dixo a Sra. Santos que isto era como un teatro, isto do pleno, e dille que vai ter razón, vai ter razón que isto é como un pequeno teatrillo, no que a ela ponlle moi nerviosa vir aquí explicar as cousas porque sabe que, diga o que diga, por desgraza os que ten en fronte nunca llo van admitir; que en relación ás palabras da concelleira de EU, primeiro, se nalgún momento lle faltou nesas plenos extraordinarios, pídelle desculpas e non lle doen prendas en recoñecer que errou a primeira vez por seguir informes técnicos e que agora está empregando outro camiño que se abre.

Di que a concelleira de EU cuestionaba a obriga do xefe da Policía e que vaille ler o artigo 27 da lei, que di: Xefe do corpo de Policía; o nomeamento do xefe do corpo de Policía será efectuado polo alcalde polo sistema de libre designación. Di “será efectuado”, non é algo potestativo, é unha orde, é un mandato; que tamén quería comentarlle outra cousiña que cre que non ten moi claro, que é o tema do concurso; que a ficha de inspector provisionase por concurso, por concurso, a promoción interna, para que sexa a promoción interna ten que quedar vacante o concurso; que non se pode sacar por promoción interna de primeiras, iso é así, cando o concurso queda vacante é cando vai a promoción interna.

Di que, por certo, con esta proposta volven a esa ficha de inspector por concurso, que si quedara vacante podería promocionar calquera dos traballadores, dos funcionarios do corpo da Policía que estiveran en disposición de facelo; que tamén quería recordarlle esa alusión que fixo ao informe da Dirección Xeral de Emerxencias, e aludiu cre que a intervención do xefe de área de Réxime Interior; que ela quere falar do informe ese que se achegou porque a concelleira de EU o pediu, e é certo, ao principio non formaba parte do expediente e agora si que forma, cando no seu cuarto parágrafo di que con independencia do anterior, o concello, no exercicio das súas potestades de autoorganización e ao abeiro do establecido no artigo 27 da Lei de coordinación de policía locais de Galicia, podería modificar a relación de postos de traballo para, se a taxa de reposición o permitise -que ese tamén é un tema ao que alude a Sra. secretaria no seu informe- crear outro posto da categoría de inspector con forma de provisión de libre designación, ao que podería denominar inspector-xefe, atribuíndolle as funcións da xefatura do corpo da Policía Local.

Di que iso é o que están a facer, iso é o que pediron os concelleiros da oposición, practicamente todos, nos dous plenos extraordinarios, e ela entende que agora teñen unha difícil situación, non cre que pensaran que ían dar unha volta a isto e que ían seguir traballando unha vez tomaran un primeiro camiño, pero dilles que si que o fan, que aquí cando hai problemas inténtanse resolver e niso están.

O Sr. Abalo Castex intervéen e manifesta que vai empezar por unha alusión que fixo a señora concelleira respecto do criterio que ten o técnico de Urbanismo e Réxime Interior; dille á Sra. Pan que non minta de forma tan descarada, que non minta de forma tan descarada e queira facer crer o que non é, porque a postura do técnico de Réxime Interior e Urbanismo é clara, e téñena neste expediente, páxina 2 do seu informe de 14 de outubro, emite un informe desfavorable e di que isto, a proposta que se trae hoxe a pleno, non só choca coa formulación do recurso de apelación interposto pola asesoría xurídica da Deputación Provincial en nome deste concello, contra a sentenza do xulgado contencioso núm. 3 do pasado 24 de maio antes referida, senón coa realidade actual deste concello, xa que as funcións de organización e dirección da Policía Local, que só e exclusivamente pode exercer o xefe do Corpo por imperativo, co cal, o criterio do técnico de Réxime Interior xa o ven, é que o ten informado, e teno informado desfavorablemente, e por riba di que é contrario á sentenza. É máis, que é contrario ao recurso de apelación, co cal dedúcese das súas palabras que o que habería que facer era retirar o recurso de apelación que o concello presentou; que iso o pon na páxina 2 do informe de 14 de outubro.

Continúa dicindo que a el dinlle que é moi técnico, pero váillelo dicir moi clarito, porque cre que a concelleira ten feito tamén a pregunta, respecto deste procedemento que ela di que el dixo evidentemente na súa primeira

intervención, que están enredando con este procedemento; di que este procedemento, esta proposta que se trae hoxe a pleno, aínda enreda máis o procedemento; que isto en Galicia chámanlle trapallada; que isto que traen hoxe aquí é unha trapallada auténtica.

Continúa dicindo que mediante providencia do alcalde de 20 de xullo solicitou informes xurídicos á secretaria xeral deste concello e ao interventor municipal; que o interventor municipal emite o seu informe e a secretaria un informe desfavorable absolutamente concluínte; que como non lle gusta o resultado deses informes, por parte da concelleira e do alcalde solicítase un informe externo, un informe externo mediante un contrato menor, que grazas a intervención do Grupo Municipal Popular en comisións informativas, souberon cal era o contido dese informe entre a Fundación da Universidade da Coruña e o Concello de Cambre e o seu importe, nin máis nin menos que 6.159,50 euros.

Di que a este respecto é concluínte tamén o informe, dille á Sra. concelleira, informes, non notas informativas, que hai cinco informes desfavorables, dous deles da secretaria municipal e unha nota informativa tamén desfavorable; que respecto dese contrato menor o informe da secretaria municipal é absolutamente concluínte, é absolutamente desfavorable e fala da ilegalidade dese contrato menor, entre outras cousas porque é un requisito esencial de todo contrato, dise, a necesidade da contratación; que non está xustificada a necesidade nin a urxencia desa contratación; que segundo di a secretaria no seu informe, no suposto examinado non existe a necesidade de contratación por canto este concello dispón de medios suficientes para realizar a prestación cuxa contratación se pretende, xa que constan no correspondente expediente dous informes sobre o asunto emitidos por esa Secretaría, que ten atribuída legalmente, entre outras, a función de asesoramento legal preceptivo e do Sr. interventor municipal, entre outras, cuxas funcións se atopa a de control e fiscalización interna da xestión económica-financeira.

Continúa dicindo que, por se fora pouco, tamén lles di a secretaria que falta por emitir o informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior.

O Sr. alcalde intervén para pedirle ao Sr. Abalo Castex que remate, por favor.

O Sr. Abalo Castex continúa dicindo que é entón cando a secretaria solicita, no mes de agosto, que falta o informe do técnico de administración xeral, que cando emite o informe, tamén é desfavorable; di que este procedemento, en xeral, tal e como di a propia secretaria nos seus informes, é unha absoluta irregularidade, por no dicir ilegalidade.

O Sr. alcalde reitera que finalizou a intervención.

O Sr. Abalo Castex engade que única e exclusivamente dicir que o voto do seu grupo, evidentemente, vai ser contrario á aprobación deste punto.

O Sr. alcalde manifesta que contaba con iso e pregunta se hai algunha intervención máis.

O Sr. Carballada Rodríguez solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que dende o BNG, con independencia do que conte o Sr. alcalde ou deixe de contar, van anunciar o sentido do seu voto, que entenden que é algo que debe facer todo grupo político, aínda que sobrepase uns segundos o seu tempo de intervención, tendo en conta, ademais, e dinllo con total e enteira cordialidade, do dobre baremo que ten o Sr. alcalde á hora de medir os segundos, en función de como transcorre para o equipo de goberno ou da oposición; que a intervención última excede claramente os últimos cinco minutos por parte do equipo de goberno, de verdade.

Di que van votar en contra, como é obvio, como resulta ademais coherente coa postura do BNG en todo este tema, e en atención pois a decisión que, evidentemente, aí tamén están de acordo, é política, non é xudicial, é política, ten unha motivación tamén política, aínda que se substancia nun proceso xudicial de non retirar ese

recurso; o que si desexan é que isto se solucione dunha maneira rápida e positiva para os veciños de Cambre, que son, en último de contas, os que deberan ser destinatarios das políticas, das iniciativas, dos traballos, dos esforzos que dende o concello e nomeadamente dende o Goberno municipal e tamén deste Pleno, se levan adiante. Conclúe dicindo que, polo tanto, dende a súa parte máis nada, e anuncia o seu voto contrario.

O Sr. alcalde intervén e manifesta que simplemente dicirle ao Sr. voceiro que grazas por falar con esa cordialidade, e que no ROM non especifica o tempo de intervención do Goberno. Simplemente puntualizar que o Goberno non ten tempo de resposta, está no ROM aprobado por todos.

O Sr. Varela Fraguío intervén e manifesta que, brevemente, un pouco ao fío da contestación da concelleira, di que AV o que pediu no seu momento, e solicitouno máis veces, cando veu a modificación, foi agardar á RTP, e se neste caso, como comentan, é tan inminente, non entenden esta urxencia de traer hoxe isto aquí. E á par de que se lles permiten un pouco á intervención da compañeira de Ciudadanos, sempre que se di algo do traballo dos funcionarios, parece que llos queren poñer en contra, sexa Policía, sexa Intervención, sexa calquera administrativo, auxiliar, o que sexa, parece que o equipo de goberno son os bos e a oposición son os malos, e nada máis lonxe da realidade.

Di que o mesmo Sr. alcalde, hai un ano e pico, díxolle ao grupo municipal de AV, que deixaran, como quen di, de presentar escritos, que estaban paralizando a Administración con todo o traballo que había e demais; que Intervención, todos o saben, está sobrepasada, hai un montón de bolsas de estudo, bolsas de deportes sen pagar, sempre se fala de que Intervención está a tope, pero si que é verdade que, como o Goberno ben dixo, hai urxencias e urxencias.

A Sra. Santos López intervén e dille á Sra. Pan que como a concelleira é tan seria e os demais fan teatro, van utilizar esa seriedade; que o artigo 27 fala da forma de provisión, en ningún caso fala de obrigatoriedade; dille que lea os informes, non hai obrigatoriedade, fala da forma de provisión, e o que leu da Xunta tampouco fala de obrigatoriedade, fala da forma de provisión. Pídelle que non confundan, e que llo di dentro da súa seriedade.

Continúa a Sra. Santos e di que dicía tamén a Sra. concelleira unha frase que a ela gustoulle bastante, que di que temos unha situación difícil. Dille que quen ten unha situación difícil, e por iso están no punto no que están, de verdade, que non son nenos pequenos, é o Goberno, porque a Sra. concelleira sabe perfectamente que a pouco que se pronuncie o TSX quedan sen xefe da policía e sen inspector, e esa é a realidade disto; que antes, o Sr. Varela fixo un símil, dende o seu punto de vista é moi acertado, comparando isto con Anceis, porque van facer un Anceis.

Di que é así. É para cando chegue a sentenza do TSX sirva, no caso de que sexa desfavorable, xa estará designado o xefe de policía por libre designación e xa estará iniciado o proceso de cobertura do posto de inspector, por calquera dos métodos que a concelleira indicou; di que a ela dálle igual a orde, pero seguindo o artigo 27, Sra. Pan, e 38, non seguindo o artigo 27.

Continúa dicindo que o problema tíñao o Goberno, e esta é a solución, e de verdade, pídelles que paren xa. Di que ela cre que xa é suficiente, ademais porque se estivera pouco manchado todo este proceso, se xa levaran pouca mancha, vai utilizar esa expresión, con este proceso, aínda por riba traen ese informe da Universidade da Coruña que di tamén a Sra. Pan que a ver se van cuestionar a un profesor de Dereito, e ela dilles que non, pero que eles están cuestionando á secretaria municipal, porque a secretaria municipal, dentro dese respecto que lle ten o Goberno a todos os funcionarios como dirá o Sr. García Patiño na próxima visita a Pablo Portabales, a secretaria di que se se considerase conveniente pola Alcaldía solicitar outro máis, outro informe máis, aínda existiría a posibilidade de solicitar asesoramento ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación Provincial, o que non suporía custo ningún ás arcas municipais. Dilles que o que pasa é que as arcas municipais non lles doen, porque eles disparan con pólvora do rei.

Pregúntalle á concelleira Sra. Pan Lesta, e aos Sres. García Patiño e Alcantarilla Rei onde está o respecto polos funcionarios; di que como dicía o Sr. Varela Fraguío, cando reman a favor de obra, pero cando van en contra do Goberno, contratan informes externos, e di que a ela non lle importa que lle respondan, que respondan aos veciños que están poñendo 6000 euros para que eles poidan limpar a súa imaxe. Dilles que lles respondan a eles, non a ela.

A Sra. García Hidalgo intervén e manifesta que ve que o Sr. alcalde non é capaz de explicarlles por que vai en contra dos seus propios actos; que entende que o deixa para o final das intervencións, cando sabe que despois eles xa non poden dicir absolutamente nada; que entón saltará o Sr. alcalde aí co seu “speech” e quedarase tan ancho porque sabe que non lles vai deixar volver intervir.

Continúa dicindo que o Goberno ten recorrido esa sentenza desfavorable, esa sentenza que anula o nomeamento do xefe da policía, e por outro lado, que é o que ninguén entende, están solicitando esa modificación. Di que ela lle pregunta de novo ao Sr. alcalde: ¿ten cesado xa ao xefe da policía? ¿cesouno xa?, porque di, que ela saiba, segue exercendo as funcións de xefe de policía.

Pregúntalles para que esta urxencia nesta proposta, que é o que ninguén se explica, para que esta urxencia. Di que o normal sería agardar a que houbera unha sentenza firme, como ben dixo a concelleira, e unha vez coa sentenza continuar co posto de inspector, como di o informe da Xunta, mentres non estea creada a praza pode seguir exercendo as funcións de inspector.

Di que outra discutible xa é que se poida nomear ou non, que é o que fixo o Goberno, e a xuíza díxolles que non. Dilles que a Lei isto xa o ten previsto, non é o primeiro caso, nin o segundo, e Cambre non é o primeiro caso; que a ela o que lle estraña é por que ten tanto interese o Sr. alcalde en crear esta praza para un amigo seu, porque esa é a verdade, esa é a verdade, porque é así. Dille que no fondo ten creado un cisma na Policía, no fondo ten creado un cisma na seguridade de Cambre, cun malestar, un gran malestar entre compañeiros, que non ten sentido, e o único responsable é o Sr. García Patiño. Di que el é o único responsable de todo ese malestar.

Di que isto acabará onde teña que acabar; que hai un informe encargado de forma irregular, e feito á medida dos intereses de non sabe quen, non sabe quen ten eses intereses. Pregúntalle ao Sr. alcalde se pode contestar que intereses ten el. Dille que se está contradicindo, ninguén entende nada, o único que entenden é que el está sementando desconformidade entre a Policía e entre os veciños; que non o entende nada e pídelles que llelo diga; que ela non sabe por que, nin ela nin ninguén.

O Sr. alcalde intervén e di que agradece, en primeiro lugar, ao Sr. Abalo Castex as súas palabras sensatas, coas que non están de acordo, pero polo menos di que é unha persoa sensata, ao igual que o Sr. Carballada, que tampouco fai sangue con todo este tema.

Di que el cre que é moi fácil de explicar, é moi fácil de explicar; que faloron co xefe de Réxime Interior, e o xefe de Réxime Interior dixo que para cubrir esa praza había que facelo dunha maneira, e así o fixeron; que veu un xuíz e díxolles que o tiñan feito mal, e entón dixeron, ben, imos ver que di a secretaria e que di o interventor, e non son coincidentes os dous informes. ¿E que fixo o alcalde? Pedir un terceiro, que por certo, tanto que falan de leis, dilles que llelo vai ler.

Di que no ROF, no artigo 134 pon que, sen prexuízo dos informes preceptivos que deba emitir o responsable da Secretaría e responsable da Intervención, o presidente poderá solicitar outros informes ou ditames cando o estime necesario. E di que esa é unha potestade do alcalde e que iso di a lei, non o di el, iso para que o saiban. Isto non é un dedazo como dixeron eles.

Continúa dicindo que din que o fixeron mal, pois intentan facelo mellor. Di que, de feito, están a facer o que a

oposición dixo nos plenos anteriores, máis ou menos; que están facendo precisamente iso, e que evidentemente, o inspector cúbrese por concurso, por concurso.

Di, respecto de AV, que dixo que é unha cafrada como o pavillón de Anceis, que grazas a este Goberno teñen un pavillón de Anceis, se fora por eles non o terían, nin polo seu xefe, evidentemente, claro que non o terían.

Di, en canto ao dito do capricho do alcalde, que non, non é capricho do alcalde, ningún; que queren ter un xefe de policía, ningún capricho do alcalde, ningún, e pídelles que non poñan en dúbida, porque o poñen en dúbida, porque parece que é un amigo del, que é a dedazo, a profesionalidade de quen está ocupando ese posto, porque o están deixando á altura do betún, o están deixando eles.

O Sr. alcalde manifesta que el non os interrompeu e estivo escoitando e é realmente moi respectuoso co que ten que escoitar aquí; que lles pide exactamente o mesmo respecto. Non estarán de acordo, evidentemente, pero é así. Din unha cousa, amigo, amigos para os seus amigos é chanchulladas; que a profesionalidade de ese home dá igual, unha profesionalidade contrastada, pregunten vostedes.

Continúa dicindo en canto ao dito por EU respecto da sentenza, para beneficiar a quen queren, que dille á Sra. concelleira claro que ten un respecto á sentenza, só faltaría, moito máis que ela, moitísimo máis que ela. Di que el ten respecto polo menos, non só á sentenza, senón tamén aos funcionarios; que en canto ao dito que no 2012, xefe de área, trae un informe. Dille que o 2012, que o dixo aquí o xefe de área, claro que si, non lles serviu. Alude a el agora, e agora tampouco lles serve.

Di que o Goberno xa o sabe, non vale por promoción interna, xa llelo dixo a Sra. Pan Lesta, ten que ser por concurso. Dille que se lea a ficha polo menos, que se lea a ficha polo menos ela que tanto di que prepara ben os plenos, aquí colóuselle isto.

Dille á Sra. Vázquez Golpe, en canto ao dito "ilegalmente", que ve como non son eles os xuíces, díxoo el; que non foi a única que dixo ilegalmente, xa o din eles, e repíteno co pavillón de Anceis, dino con isto; que se é ilegal dilles que vaian ao Fiscal, xa foron, reitéralles que vaian ao Fiscal, que vaian directamente ao xulgado se tan ilegal é o que fai este Goberno. Dilles que vaian eles, que efectivamente no Goberno non son xuíces, os grupos da oposición si poden selo ¿non?.

Continúa dicindo que Ciudadanos falta de respecto á Universidade, canto custa unha páxina, canto custa unha folla. Di que é increíble, increíble esa falta de respecto a un catedrático; que en canto ao preguntado pola Sra. García Hidalgo respecto de por que cambian de postura, dille que si, que cambian de postura, e equivócanse e tentan rectificar; que claro que cambian de postura, só faltaría, e preguntalle por que non van cambiar de postura si se pode facer desta maneira; que en canto ao manifestado de que o interventor o fixo moi rápido é unha falta de respecto ao interventor, baixo o seu punto de vista, pero ben.

Pregúntalle á Sra. García Hidalgo se ela o faría, cesar; dille que ela non é a alcaldesa, que o alcalde é el; que a potestade é del, non deles; que igual eles están xogando a algo que non deben xogar, que é a ser alcaldes ou alcaldesas, ou xuíces, que non o son, ningún deles, non o son.

Di que, en canto ao dito de que fai o que lle convén, unha sentenza firme, que non firme, que está recorrida; que en canto a que fai o que lle convén di que evidentemente non vai facer o que lles convén a eles, pero di que o fai co convencemento de que é o que lle convén tanto á Policía local como aos veciños e veciñas de Cambre; que dende ese convencemento o fai, dende ese, non dende o persoal. Por suposto que non ten nada que ver cos que fan eles.

Di, en canto ao dito de por un amigo seu, que si señor, vaino dicir, é un amigo, e así considera a ese señor, pero por riba da amizade, considérao un gran profesional, e por iso lle gusta telo neste concello, porque di que lle

gusta estar rodeado de grandes profesionais, sexan amigos ou non o sexan, iso que lle quede claro.

Di que se eles están pensando en que a secretaria fai un informe en contra, e que el ten que tragar con el, pois non é así, lamentablemente. Di que ten a potestade de pedir un terceiro informe e pídelles que o lean, por favor.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de novembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Nove (9), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Abstencións: Ningún (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de novembro de 2022 (CVD: QqE//dfPPN8L1aJKnrNb), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

(Cando son as vinte e unha horas e vinte e seis minutos, auséntase da sesión o concelleiro, Sr. Daniel Carballada Rodríguez.)

2.4. RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE BOLSAS DE ESTUDO PARA O CURSO ESCOLAR 2022/2023 E A SÚA CONVOCATORIA

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade de data 14 de novembro de 2022 (CVD: 17dgvD9sFBLMxSTN9w0b), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, na sesión de data 17 de novembro de 2022, que transcrita di:

«PROPOSTA AO PLENO

Asunto: Desestimar a alegación presentada á aprobación inicial das bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2022/2023.

O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2022, aprobou inicialmente as bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2022/2023.

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) do martes, 9 de agosto de 2022 publicouse a aprobación inicial destas bases, iniciándose un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días hábiles, a partir do día seguinte á publicación do citado anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. Este prazo rematou o 22 de setembro de 2022.

Formulada a alegación, á aprobación inicial, en tempo e forma, con data de 21 de setembro de 2022 e con número de rexistro de entrada 999/5151, don Juan María Abalo Castex en representación do Grupo Municipal Popular de Cambre presenta alegación fronte ás bases de referencia.

Visto o informe do coordinador da área de data 8 de novembro de 2022, propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Desestimar as alegacións presentadas polo Grupo Municipal Popular de Cambre fronte ás bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2022/2023 aprobada inicialmente polo Pleno de Cambre.

Segundo: Modificar o prazo de presentación de solicitudes indicado na base sétima das Bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2022/2023, tal e como se transcriben a continuación:

"SÉTIMA: Solicitudes e prazo de presentación de solicitude:

(...)

Logo da súa convocatoria, o prazo de presentación das solicitudes será do 14 ao 30 de decembro de 2022."

Terceiro: Elevar ao Pleno da corporación a aprobación da modificación da base sétima da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2022/2023 referidas anteriormente.

Cuarto: Publicar a aprobación definitiva das bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2022/2023, así como a súa convocatoria, no *Boletín Oficial da Provincia* de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) a aprobación definitiva destas bases.»

Consta no expediente informe de fiscalización JUA NUM. 425/2022 da Intervención municipal de data 12 de novembro de 2022 (CVD: vtQ4mHT3adGpD5zO1gzs).

Consta no expediente nota informativa de Secretaría 41/2022 de data 14 de novembro de 2022 (CVD: 5wEuly2To6bvomDPxuHr).

O Sr. Gutiérrez Nieto dá lectrúa resumida á proposta transcrita.

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. Abalo Castex solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, que se trae outra vez a pleno este asunto, este problemático asunto; que constantes teñen sido as negativas, o poden coñecer os veciños de Cambre e sobre todo os que os seguen aquí, como público asistente ou a través do streaming, as negativas do Grupo municipal Popular durante os últimos sete anos de desgoverno local á aprobación das bases da convocatoria pública de bolsas municipais de estudo, bases que en lugar de primar a ausencia de recursos económicos dos alumnos e as súas familias, fronte a calquera outro, teñen introducido sempre sistemática e insistentemente o criterio discriminatorio de esixir que sexan alumnos de centros públicos, excluindo así aos alumnos da escola concertada, incluídos os alumnos escolarizados en centros de educación especial, negativa que provocou que o Grupo Municipal Popular presentara o pasado 24 de xaneiro, unha queixa ante a Valedora do Pobo de Galicia, que recomendou ao Goberno local de Cambre que nas próximas bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para cada curso escolar do alumnado empadroado no Concello de Cambre se teña en conta o obxectivo compensatorio das desigualdades económicas desas axudas, que xustifica as diferenzas de trato por motivo da renda familiar per cápita, e non se tome en consideración a titularidade pública ou o concerto educativo dos centros escolares nos que o alumnado se atope matriculado, é dicir, que se teña en conta como criterio practicamente único a capacidade económica dos alumnos e as súas familias fronte a calquera outro criterio, entre outros, político.

Segue a dicir que, lonxe de cumprir coa dita recomendación, contravindo o seu compromiso coa dita institución, as primeiras bases da convocatoria pública de bolsas de estudo elaboradas tras a dita recomendación da Valedora do Pobo, volvían a introducir o criterio discriminatorio de que os alumnos se atopen matriculados nun

centro escolar público, modificando só a posibilidade de matrícula nun centro privado concertado cando se trate, iso si, de centros de educación especial. Di que polo menos para iso serviu a súa queixa ante a Valedora do Pobo, con carácter inmediato, xa verán o que pasa nun futuro.

Continúa dicindo que o incumprimento da recomendación motivou que o Grupo Municipal Popular, ademais de presentar iniciativas plenarios requirindo ao Goberno local o cumprimento da recomendación da Valedora, presentara alegacións fronte a aprobación inicial da dita convocatoria pública discriminatoria; alegacións presentadas en tempo en forma nas que se interesaba o ditado dunhas novas bases que corrixiran a anterior, por contraria a dereito, revogándoa, anulándoa e deixándoa sen efecto ningún, introducindo nela as modificacións necesarias para facela conforme ao Dereito, isto é, eliminando o requisito discriminatorio que esixe estar matriculado en centros docentes públicos para beneficiarse das ditas bolsas de estudo.

Di que é impresentable a explicación ofrecida desde o Goberno local á vista da presentación das alegacións do PP, ás que se ten chegado a culpar do atraso no pago das ditas bolsas de estudo á súa presentación e en concreto ao seu grupo municipal; e din que é impresentable cando sobre todo todos os veciños de Cambre, e os que teñen alumnos escolarizados, todos teñen sido conscientes de que as axudas correspondentes a estas bolsas de estudo no exercicio anterior foron pagadas aos seus beneficiarios cando o curso escolar xa rematara, no exercicio anterior, sen presentación de alegacións por ningún grupo desta Corporación, ou o que é o mesmo, foron pagadas un ano despois da súa solicitude; que igualmente impresentable é a intención do Goberno local de seguir discriminando aos alumnos con menos recursos económicos no acceso ás bolsas de estudo, cando no exercicio anterior, dos 18000 euros orzamentados para a primeira liña de axudas, 7850,59 foron devoltos ás arcas municipais sen conceder, isto é, case a metade do consignado foi devolto sen repartir entre as familias.

Di que respecto da segunda liña de axudas, a de 6000 euros orzamentados, foron devoltos ao tesouro municipal máis dunha cuarta parte do orzamentado, problema que, como veñen vendo nas últimas convocatorias tense producido en todos os exercicios anteriores sen que nada se teña logrado tras sucesivas convocatorias e reformas, descoñecendo, ademais, onde foron a parar os fondos non entregados aos estudantes do municipio máis necesitados.

Continúa dicindo que é impresentable igualmente a explicación ofrecida polo concelleiro de Educación respecto da retirada deste asunto da orde do día do pleno ordinario do mes de outubro, derivada da comunicación por conduto distinto do habitual, dun novo requirimento da Valedora do Pobo á vista do incumprimento do compromiso ofrecido dende o concello de cumprir coa recomendación ditada.

Di que a este respecto destacar que produce rubor e demostra o talante dos responsables locais como en lugar de contestar á Valedora sobre o seu requirimento, contéstaselle con data 18 de outubro, polo concelleiro de Educación, que se lle volva a remitir o seu novo requirimento polo conduto habitual, absolutamente impresentable, unha vergonza, o que obriga ao Grupo Municipal Popular a volver a preguntarlle ao concelleiro de Educación, tras máis dun mes da dita petición.

O Sr. alcalde intervén para pedirlle ao Sr. Abalo Castex que vaia rematando a súa intervención.

O Sr. Abalo Castex di que remata coa pregunta de se teñen contestado xa á Sra. Valedora deste último requirimento, e de telo feito, que lle contestaron.

A continuación, solicita o uso da palabra o Sr. Cubeiro Fernández e, unha vez concedido, manifesta que o voto do seu grupo vai ser abstención.

O Sr. Gutiérrez Nieto expón que el non vai discutir outra vez co Sr. Abalo das bases das bolsas de estudo. Dille que é el o que introduce o do criterio discriminatorio, fala continuamente de discriminación, pero el cre que ao Sr. Abalo lle importa bastante pouco a realidade educativa, ou da educación en Cambre; nin sequera se ten parado

a pensar onde pode estar o obxecto discriminatorio. Que, por outro lado, o Sr. Abalo fala de que se lle culpabiliza do atraso na convocatoria das bases das bolsas de estudo, porque teñen presentado unha alegación, e dilles que presentaron esa alegación o día 22 de setembro, cando a exposición pública permitía facelo durante 30 días hábiles, iso quere dicir, o último día, e o Sr. Abalo saberá que intencionalidade había detrás diso; que en canto a se lle contestaron á Valedora do Pobo, dille que si, que claro que se lle ten contestado. Expón que el lle pasou ao Sr. Abalo o escrito que el lle solicitara, que era a contestación do día 10 de outubro, ao mellor o que ten que facer é solicitar o que realmente quere; que o que pedira é a resposta que se lle dera ao escrito presentado pola Valedora o día 10 de outubro, e el deulle a resposta, e se agora quere escritos posteriores dille que o soliciten, que llelo dan sen ningún tipo de problema; que tamén dixo o Sr. Abalo que grazas a el se ten incluído a posibilidade de que concorran os alumnos de educación especial que cursen nun concertado privado, e el o que lles di é que o PP estivo gobernando dende o 2012 ao 2015 e non incluíron a educación especial, non incluíron a liña de informática, para produtos informáticos. Di que o que o PP fixo coas bases das bolsas de estudo foi absolutamente nada.

O Sr. Abalo Castex intervén e manifesta que, dende logo, cando o señor concelleiro fala sube o pan. Di que é increíble as contestacións que dá. Pregúntalle que lle contestou á Valedora do Pobo e o que lles remite é unha notificación á Valedora do Pobo de que tiveron coñecemento, non sabe como, de que lles fixo un requirimento, e pídenlle que llelo envíe polo conduto habitual. Pregúntalle se lle parece normal, entre administracións, e entre unha das máis altas institucións de Galicia, esa resposta. E pregúntalle se lle parece tamén normal a resposta que lles dá en comisións, e que se atreve a dicir en pleno; dille que non, que o que o PP quere é que o concelleiro lles diga a contestación á Valedora do Pobo, non que o concelleiro lle contestou que llo notificara polo conduto habitual; di que esas acusacións que fai das bolsas de estudo con respecto entende á época do goberno do PP; que o Grupo Popular, cando regulaba estas bases de bolsas de estudo non introducía criterios discriminatorios, entón como non introducía criterios discriminatorios non había problema ningún; que os que incluíron criterios discriminatorios foron eles, ao entrar no Goberno hai agora 7 anos, e o concelleiro especialmente, na primeira sesión en que viñeron estas bolsas dixo que por ideoloxía, díxoo así, que por ideoloxía mentres el estivera de concelleiro non se ían outorgar estas bolsas.

Volve preguntarlle que lle contestaron á Valedora do Pobo, que lles deu un prazo de 15 días para que explicaran de forma razoada cal era o motivo para que non foran a cumprir a súa recomendación, porque dilles que saberán que no caso de que non cumpran a súa recomendación, elevará este incumprimento ao Parlamento de Galicia, coas consecuencias que iso pode ter a posteriori; di que en calquera caso, do exposto poden deducir que de nada sirve incrementar as partidas orzamentarias para tratar de axudar ao estudo das familias cambresas, creando así a falsa ilusión de que están ante un Goberno solidario e progresista, se á hora da verdade a realidade lles demostra que as ditas axudas non se conceden e se devolven ao tesouro sen repartir entre os máis necesitados, e iso si, introducindo o criterio discriminatorio que incluso a Valedora lle está dicindo na súa recomendación: capacidade económica per cápita das familias de Cambre.

Conclúe a súa intervención o Sr. Abalo Castex dicindo que ese é o criterio que o Goberno debe ter en conta para conceder estas axudas, non criterios ideolóxicos como dixo o señor concelleiro nada máis tomar posesión, polo tanto, evidentemente, queren que lles conteste que é o que teñen contestado e que pensan facer con esta recomendación da Valedora, nada máis.

O Sr. Gutiérrez Nieto intervén e manifesta que lle teñen contestado cal é a realidade educativa de Cambre, nin máis nin menos, iso é o que lle teñen contestado á Valedora do Pobo; que segundo, entenden que a recomendación da Valedora do Pobo si que a atendan parcialmente, ata onde cren que a teñen que atender, que é a posibilidade de que os alumnos de educación especial que cursen educación concertada privada poidan concorrer á convocatoria das bolsas de estudo, porque os que gobernan agora neste momento son eles; que agora o Sr. Abalo fala de que queren impoñer un criterio ideolóxico e dille que non, que os que o intentan impoñer son eles dende a oposición, e lévano intentando durante catro anos, posto que esta é a única proposta que fan, é a única proposta que teñen feito durante estes catro anos; e díxolle o Sr. Abalo que cada vez que fala

sube o pan, e si pode ser que cada vez que fala suba o pan, pero é que cada vez que o PP governa suben os impostos, sube o pan.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade de data 14 de novembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoa e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Tres (3), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel e Vázquez Golpe.

Abstencións: Cinco (5), dos/as Sres./as: Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade de data 14 de novembro de 2022 (CVD: 17dgvD9sFBLMxSTN9w0b), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.5. PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 1890/2022, DE DATA 2 DE NOVIEMBRE DE 2022

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 14 de novembro de 2022 (CVD: vj3GO5xCiO+RKGD6CbtI), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, na sesión de data 17 de novembro de 2022, que transcrita di:

«PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 1890/2022, DE DATA 2 DE NOVIEMBRE DE 2022

Vista a Resolución da Alcaldía 1890/2022, de data 2 de novembro de 2022 que transcrita di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Pleno municipal do día 29 de setembro de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“2. PARTE RESOLUTIVA

(...)

2.2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS+ ADICIONAL 2/2022

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 19 de setembro de 2022 (CVD: BJlvbgzdwyCKjM+CISHA), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, na sesión de data 22 de setembro de 2022, que transcrita di:

(...)

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + Adicional 2/2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

(...)

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega Municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
Mantemento de camiños municipais. Cambre 2022.	457.321,77€	0,00€	0,00€	0,00€	457.321,77€

Aprobar os proxectos das obras que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS + 2022 e que se relacionan nestas táboas.

(...)"

Con data 31 de outubro de 2022, recibíuse notificación da Deputación Provincial da Coruña, na que se indica:

"Segundo indica a Base 2.2 das reguladoras do Plan, non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade os investimentos que se integran no Plan, incluíndo sempre un nome propio na denominación. Revisada a documentación presentada, atopáronse as deficiencias que deseguido se indican:

- *Deben modificar a denominación xenérica na carátula do proxecto.*
- *Deben modificar a denominación xenérica en todos os Anexos (V, VI, VII, VIII e IX)*
- *ANEXO VI: Deberá concluir se o concello ten ou non a dispoñibilidade dos terreos para executar o investimento.*

NOTA: Estas deficiencias deberán ser corrixidas presentando a documentación necesaria como DOCUMENTACIÓN ADICIONAL/EMENDA.

Debe subirse o proxecto como un único novo documento que recolla íntegramente o proxecto/prego corrixido, porque vai substituír ao anterior, que será marcado como obsoleto, e ademais deberá subirse a certificación da súa aprobación polo órgano competente do concello, tanto nesta convocatoria POS+AD2b-OBRASSUM como na convocatoria POS+AD2bSOLICITUDE".

Á vista do anterior, pola enxeñeira técnica de obras públicas, dona Elena Bartolomé Delanoë, asinouse, con data do 31.10.2022, a memoria titulada "MANTENIMIENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN LAS PARROQUIAS DE BRIBES, CECEBRE Y OTROS, CAMBRE 2022", con CVD: mwg5uNywHaYraTFd4A9j.

Con data do 2 de novembro asinouse por esta alcaldía a resolución número1881/2022, pola que se acordou:

"Primeiro: Aprobar o proxecto denominado "Mantemento de camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre e outros. Cambre 2022", redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, o día 31 de outubro de 2022, por importe de 457.321,77€ (CVD: mwg5uNywHaYraTFd4A9j).

Segundo: Dar conta ao Pleno do contido da presente resolución, na primeira sesión que se celebre."

Debido a un erro no envío do documento ao circuito de firma dixital, a dita resolución número 1881/2022 soamente foi asinada por esta alcaldía, sen constar no documento a sinatura da Secretaria xeral, de conformidade co artigo 2 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Deixar sen efecto a resolución desta alcaldía número 1881/2022, de 2 de novembro, debido a que non consta no dito documento a sinatura da Secretaria xeral da Corporación, tal e como dispón o artigo 2 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas.

Segundo: Corrixir a denominación da memoria “Mantemento de camiños municipais. Cambre 2022”, aprobada en sesión ordinaria do Pleno municipal celebrada con data do 29.9.2022, e aprobar a memoria asinada pola enxeñeira técnica de obras públicas, dona Elena Bartolomé Delanöe, con data do 31.10.2022, denominada “MANTENIMIENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN LAS PARROQUIAS DE BRIBES, CECEBRE Y OTROS, CAMBRE 2022”, con CVD: mwg5uNywHaYraTFd4A9j.

Terceiro: Someter o presente acordo á súa ratificación polo Pleno municipal na vindeira sesión que se celebre.”

Próponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Ratificar a Resolución da Alcaldía 1890/2022, de data 2 de novembro de 2022 anteriormente transcrita.»

O Sr. González Leirós intervén e di que están situados no POS+ 2022 e trátase do POS+ Adicional e de dar resposta a un requirimento da Deputación provincial, onde din que se debe modificar a denominación xenérica da portada do proxecto. Di que se modifica a portada do proxecto e onde dicía “Mantemento de camiños municipais. Cambre 2022”, di agora “Mantemento de camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre e outros. Cambre 2022”; que a estes efectos remitiuse un decreto da Alcaldía á Deputación e o que se trae aquí, a proposta, é ratificar esa resolución da Alcaldía 1890/2022, do 2 de novembro.

(Cando son as vinte e unha horas e corenta minutos , auséntase do salón de sesións a Sra. Vázquez Golpe.)

Non producíndose debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 14 de novembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoa e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe (esta en aplicación do disposto no artigo 106.2 do Regulamento orgánico municipal), Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 14 de novembro de 2022 (CVD: vj3GO5xCiO+RKGD6CbtI), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.6. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS PARA O ANO 2022, ASÍ COMO A SÚA CONVOCATORIA

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 14 de novembro de 2022 (CVD: K6tbrpg9eKeAwJ2mNAH+), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social, na sesión de data 17 de novembro de 2022.

Intervén o Sr. alcalde e manifesta que hai unha emenda ao ditame e concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura á dita emenda de data 28 de decembro de 2022 (CVD: breeSVQ4H7T5bLa92Hyh).

Seguidamente, a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda de data 22 de novembro de 2022,

obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Quince (15), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy, Alcantarilla Rei, Abalo Castex, González Roel, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Sánchez Vieites.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dúas (2), das Sras.: Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a emenda de data 22 de novembro de 2022 (CVD: sDvq9rYKt0Rh0rpFuWY4).

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 14 de novembro de 2022 que, coas modificacións que resultan da emenda aprobada, queda redactada do seguinte xeito:

«PROPOSTA AO PLENO

O concello é a administración máis próxima ao cidadán e afronta a responsabilidade inmediata de promover a democratización do deporte orientando a súa estratexia hacia a consolidación de programacións estables, con obxectivos a medio e longo prazo sobre un traballo baseado en obxectivos definidos, metodoloxía e calidade no recursos técnicos – humanos e coherencia nas programacións.

Dende hai anos asínase polo concello de Cambre diferentes convenios de colaboración con distintas entidades de ámbito deportivo para o fomento e desenvolvemento no municipio do deporte de base.

O Departamento de Deportes ademais ven colaborando na promoción de deportistas de nivel de Cambre a través da concesión de bolsas para estes deportistas nos últimos anos.

Este ano, novamente, é intencion desta concellería continuar con esta liña de actuación como principal medida de fomento ao deporte de nivel en Cambre, para o cal se pretende a aprobación dunha nova convocatoria onde se establezan os criterios e procedementos para conceder bolsas para deportistas de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Visto o informe do coordinador da área de Cultura, Deportes e Xuventude do 9 de novembro de 2022, é polo que se propón ao Pleno adoptar os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2022, que se relacionan a continuación, así como a súa convocatoria:

“BASES CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DE NIVEL DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O ANO 2022

A- Obxecto:

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios e o procedemento para a concesión de bolsas a deportistas de nivel do Concello de Cambre, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade coa intención de fomentar o deporte de nivel entre os veciños do municipio.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade.

A dotación total da presente convocatoria é de 16.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/341/48910, cun límite máximo por bolseiro de 1.500,00 euros.

B- Destinatarios:

Poderán participar nesta convocatoria os deportistas do Concello de Cambre que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Ter a idade mínima de trece anos cumpridos no ano da solicitude con carácter xeral e en ximnasia rítmica, natación, salvamento e patinaxe artística, 10 anos cumpridos no ano da solicitude.
- 2.- Estar empadroado no Concello de Cambre cunha antigüidade de, polo menos, catro anos consecutivos, no ano da solicitude.
- 3.- Estar en posesión de licenza deportiva, vixente no momento da convocatoria e expedida pola federación deportiva correspondente.
- 4.- Acreditar nivel deportivo na especialidade no ano para o que se solicita a bolsa.
- 5.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

C- Documentación:

As solicitudes presentaranse preferentemente de xeito telemático a través da Sede Electrónica do Concello de Cambre (sede.cambre.es), no modelo normalizado que se atopará na propia sede. No caso de que non sexa posible a presentación telemática, poderá realizarse presencialmente nos rexistros municipais, previa solicitude de cita.

A solicitude de subvención constará de:

1. Solicitude da subvención segundo modelo normalizado. (Anexo I)
2. Resumo do historial deportivo, obtido durante o ano 2021, no que haberá de constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición; este historial haberá de vir dilixenciado co visto e prace da Federación deportiva correspondente en documento orixinal. (Anexo II)
3. Proxecto deportivo, a desenvolver durante o ano 2022 (Anexo III), no que se incluírá necesariamente:
 - 3.1.- Detalle das competicións ás que se asistiu e se pretende asistir no 2022, expresando a súa denominación, data, lugar, número e duración das competicións.
 - 3.2.- Nivel da competición (nacional, internacional).
 - 3.3.- Categoría da competición (absoluta, previa a absoluta...).
 - 3.4.- Orzamento de gastos e ingresos estimados da tempada.
4. Copia da licenza federativa ou do certificado federativo para a tempada 2022.
5. Declaración xurada de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Anexo IV)
6. Certificado de núm. IBAN da conta corrente do que sexa titular o solicitante.

A presentación da solicitude de subvención polo interesado conlevará a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións que deban emitir a AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, no seu caso, tal e como establece o artigo 20.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón os certificados de cumprimento de obrigas.

Incorporarase de oficio ao expediente o volante de empadramento no que conste a data de alta.

A sección de deportes revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir da data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, se entendera que desiste da súa solicitude, previa resolución que

haberá de ser dictada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

D- Prazo de solicitude:

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no *Boletín oficial da Provincia* a través da BDNS, do cal se dará publicidade na páxina web municipal.

E- Comisión de avaliación:

As solicitudes das bolsas serán estudadas e valoradas por unha comisión de avaliación que estará formada por:

Presidente:	Alcalde ou persoa en quen delegue
Secretaría:	Secretaría xeral do Concello ou funcionario en quen delegue
Vogais:	Concelleiro delegado de Cultura, Deportes e Xuventude Coordinador de Cultura e Educación ou funcionario en quen delegue

F- Concesión das bolsas:

Previamente á concesión, comprobarase de oficio que os posibles bolseiros se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, e resolverá o outorgamento das bolsas o alcalde, ou en caso de delegación, concelleiro delegado da área, logo da proposta da comisión de avaliación segundo os seguintes criterios:

1.- Proxecto deportivo para a presente tempada (nivel, categoría e número de competicións): ata 35 puntos divididos en tres subcriterios:

- Nivel máximo de competición:
11,68 puntos campionato do Mundo/Olímpico
7,77 puntos campionato de Europa
3,88 puntos campionato internacional
- Categoría:
11,66 puntos sénior
7,77 puntos xuvenil/junior (previo a sénior) /veterano
3,88 puntos resto de categorías
- Número de probas:
11,66 puntos de asistencia a 10 ou máis probas federadas
7,77 puntos asistencia entre 5 e 9 probas federadas
3,88 puntos asistencia a menos de 5 probas federadas

2.- Implantación e importancia da modalidade deportiva no eido nacional: ata 20 puntos.

Tomarase como referencia o número de licenzas federadas, de cada deporte, do ano 2021 segundo a publicación do Consello Superior de Deportes. Ao deporte de maior implantación se lle outorgaran 20 puntos e ao resto proporcionalmente.

3.- Resultados obtidos na tempada anterior á da solicitude: ata 20 puntos.

- 20 puntos por clasificacións entre os tres primeiros do campionato do Mundo/Olímpada /Europeo.
- 15 puntos por clasificacións entre o 4º e 10º de campionatos do Mundo/Olímpada/ Europeo.
- 12 puntos por clasificacións (finais) entre os tres primeiros en campionato /copa de España.
- 10 puntos por clasificacións entre os tres primeiros en probas de rango internacional.
- 5 puntos por clasificacións entre o 4º e o 10º en campionatos de España.

4.- Achega económica propia para o desenvolvemento do proxecto/ competición: ata 20 puntos. Tomarase como referencia a aportación económica propia que debe facer cada deportista para cubrir o seu proxecto 2022. Ao deportista con maior aportación económica se lle outorgarán 20 puntos e ao resto proporcionalmente.

5.- Outros méritos que valorará a comisión: ata 5 puntos. Valoráranse outros méritos non contemplados nos criterios anteriores como concesión de becas deportivas de outras administracións, convocatorias seleccións, estar becado en centros de alto rendemento.....

G- Obrigas do beneficiario:

1.- Realizar o proxecto deportivo obxecto da bolsa, é dicir, ter competido, no ano da convocatoria, en eventos/probas deportivas de relevancia nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións e sempre que este acceso sexa por selección, por clasificación directa en probas menores ou por acreditar unha marca mínima.

2.- Sinalar a súa condición de bolseiro deste programa nas competicións ou actividades nas que participe, e facer constar de maneira visible o escudo e lenda "Concello de Cambre".

3.- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a axuda, coa presentación da seguinte documentación xustificativa:

- Memoria descritiva da tempada realizada e dos resultados obtidos. (Anexo VI)
- Certificación orixinal da Federación deportiva correspondente, acreditativa da participación nas probas e da clasificación obtida, no que consten as datas e lugar da súa realización. (Anexo VII)
- Documentación acreditativa da publicidade do Concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeo...).
- Relación completa dos gastos da actividade, con identificación respecto a cada factura do emisor e número de documento, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento. (Anexo VIII)
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto. (Anexo IX)

En particular terase en conta as seguintes regras:

- Se consideran gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade deportiva subvencionada.
- Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- Nas viaxes que se realicen por mor da actividade e competicións, admitiranse como gastos subvencionables os de desprazamento, aloxamento e os de alimentación.
- Cando o gasto xustificativo que se presente polo bolseiro/a por desprazamento, o sexa a través de liquidacións por indemnizacións en concepto de desprazamentos efectuados polo mesmo, deberá aportarse certificado federativo ou certificado do club, segundo o caso, acreditativo da relación entre as datas dos desprazamentos efectuados e as actividades deportivas ou competicións. En todo caso as liquidacións haberán de contar cunha descrición desagregada dos desprazamentos realizados, motivo de cada un dos desprazamentos, quilómetros percorridos, traxecto realizado, etc., e tratarse de gastos propios do bolseiro/a, para que sirvan de xustificante válido de gasto realizado.

En todo caso, o aboamento dos gastos deberá realizarse polo beneficiario a través de entidade financeira.

- Copia das facturas orixinais referidas a gastos efectuados no exercicio 2022. As facturas deberán especificar de forma detallada, o número, concepto e características dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallan os anteditos aspectos. É dicir, non se terán en consideración como gastos validamente xustificadas os importe das facturas nas que

non conste desglose adecuado dos produtos adquiridos e o prezo unitario de cada un deles, e nos que non sexa identificable a súa natureza e vinculación ao proxecto deportivo.

Deberá estenderse no orixinal da factura, antes do seu escaneado, unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención por parte do Concello de Cambre.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que lle corresponde á intervención municipal.

5.- Comunicarlle ao Concello, tan pronto como se coñeza, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

6.- Participar en actividades ou campañas de difusión ou promoción do deporte que poida realizar a Concellaría de Deportes.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

H- Notificación e publicidade da resolución:

A resolución da concesión das bolsas dictarase polo alcalde, ou en caso de delegación, concelleiro delegado da área, nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de solicitude, e procederase a dar publicidade no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello (www.cambre.org), así como á notificación individual aos beneficiarios, nun prazo máximo dun mes dende a data da resolución.

I- Xustificación e pagamento:

Os bolseiros deberán xustificar a realización do proxecto deportivo mediante a presentación, preferiblemente de xeito telemático, do formulario de xustificación acompañado da documentación extablecida no apartado G.3. das presentes bases.

O prazo de presentación da xustificación comezará a contar dende o día seguinte ao da comunicación da concesión da bolsa, e rematará o 9 de xuño de 2023. Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de quince días máis a proposta razoada da unidade xestora.

Finalizado o prazo sen que o bolseiro/a presentase a documentación xustificativa, o departamento de Deportes requiriralle para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente, en virtude do disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

A sección de deportes revisará a xustificación presentada e verificará que conteña a documentación esixida conforme ao formulario aprobado. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir da data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, se entendera que desiste da súa solicitude, previa resolución que haberá de ser dictada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Entenderase que o desistimento conleva a perda do dereito á percepción da bolsa concedida

Vista a documentación xustificativa presentada, a Concellaría de Deportes valorará se se cumpriu a finalidade da subvención e propondrá a aprobación da xustificación presentada, o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria, ao Alcalde, que ditará resolución ao respecto.

Para aqueles deportistas que non cumpran na súa totalidade, o proxecto deportivo por mor de lesión derivada da práctica deportiva, entenderase cumprida a finalidade básica da subvención, aboándose un máximo do 40% da



subvención concedida, previa valoración da concellería de Deportes. Esta circunstancia deberá acreditarse cun informe da federación correspondente e cun certificado médico que indique o período de inactividade e a orixe e tipo de lesión deportiva.

A renuncia á bolsa por forza maior, deberá comunicárselle ao concello tan pronto como se produza.

O importe da bolsa concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade. En tal caso reducirase a aportación municipal de forma proporcional.

M - Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, así como o importe da subvención efectivamente percibida, resolucións de reintegros e sancións impostas, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Disposición adicional primeira

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre, e demais normativa aplicable.



ANEXO I - FORMULARIO DE SOLICITUDE PARA BOLSAS DE DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE 2022

DATOS INTERESADO

Nome: _____ NIF: _____
Idade: _____ Enderezo: _____ CP: _____
Tlf.: _____ Correo- electrónico: _____

DATOS REPRESENTATE

Nome: _____ NIF: _____
Enderezo: _____ Codigo postal: _____ Municipio: _____
Tlf.: _____ Correo- electrónico: _____

DATOS DEPORTIVOS

Especialidade deportiva: _____
Licencia Federativa nº: _____
Categoría: _____
Clube ó que pertence: _____
Enderezo do clube: _____
Cambre, ___ de _____ de 2022

Asinado: _____

Achegarase xunto a este formulario:

- a. Anexo II – Historial deportivo 2021
- b. Anexo III – Proxecto deportivo 2022
- c. Anexo IV – Declaración xurada cumprimento obrigas
- d. Copia da licenza federativa para a tempada 2022
- e. Certificación do número de IBAN dunha conta corrente titular do solicitante

A presentación da solicitude conleva a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións de que o solicitante esté ao corrente das súas obrigas coa AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, en aplicación do disposto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, na tramitación do expediente.

- f. Non autorizo (neste caso achegarase a documentación correspondente).

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE



ANEXO II - HISTORIAL DEPORTIVO 2021

Competición	Categoría/nivel	Datas/lugar	Posto
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			

Selo e Vº e Prace da Federación deportiva



ANEXO III - PROXECTO DEPORTIVO 2022

Competición	Data e Lugar	Categoría	Nivel
*			
*			
*			
*			
*			
*			

ORZAMENTO ESTIMADO DA TEMPADA

GASTOS		INGRESOS	
Licenzas	:	Achega propia	:
Materias	:	Achega Club	:
Desprazamentos	:	Achega Federación	:
Outros	:	Bolsa Concello	:
		Outras bolsas	:
		Patrocinadores	:
TOTAL:		TOTAL:	

Cambre, ____ de _____ de 2022

Asdo.:



ANEXO IV – DECLARACIÓN XURADA

Don/ dona _____, con DNI _____
_____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano
2022, do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- 1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- 2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Cambre, ___ de _____ de 2022.

Asdo.:



ANEXO V - FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN
PARA BOLSAS DE DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE 2022

DATOS PERSOAIS

Nome:

NIF:

Enderezo:

CP:

Tlf. móbil:

Tlf. fixo:

Correo- electrónico:

Achégolle a documentación xustificativa que acredita o cumprimento da finalidade para que se me concede a axuda, segundo o establecido no apartado H.- das bases da presente convocatoria (BOP núm. , do de de 2022), e para o abonamento da bolsa concedida.

Cambre, ___ de _____ de 2022

Asinado:

Achegarase xunto a este formulario:

- a. Anexo VI - Memoria
- b. Anexo VII – Certificación acreditativa da participación nas probas
- c. Anexo VIII - Resumo de gastos e xustificación dos mesmos
- d. Anexo IX – Declaración doutras axudas e cumprimento da finalidade da subvención
- e. Acreditación da publicidade realizada do Concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeos..)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE



ANEXO VI - MEMORIA DA TEMPADA

(Descrición de non máis de dous folios das actividades deportivas desenvolvidas polo bolseiro durante o ano 2022, que sexan de interese á hora de comprobar a efectiva realización do obxecto a subvencionar, tales como entrenamentos, competicións, cursos aos que asisten, concentracións, etc. O obxectivo da Memoria é xustificar o cumprimento do proxecto deportivo para o cal se concedeu a bolsa)



ANEXO IX DECLARACIÓN

D./ Dna. _____ con DNI: _____

como bolseiro/a deportista do Concello de Cambre 2022,

DECLARO:

1.- Que para o 2022 obtiven unha bolsa (subvención) do concello de Cambre, por importe de _____ euros

2.- Que para o mesmo obxecto, obtiven, ademais as seguintes axudas ou subvencións:

ENTIDADES CONCEDENTES	IMPORTE
TOTAL SUBVENCÍONS RECIBIDAS	

NON RECIBÍN NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

3.- Que se cumpriu a finalidade da bolsa mediante a realización das actividades ou competicións para as que foi concedida, tal e como se reflicte na memoria que se achega.

E para que conste, para os efectos de xustificación do cumprimento da finalidade, expídese a presente declaración.

En _____, a ____ de _____ 2022.

Asinado: _____

Segundo: Aprobar un gasto por importe de dezaseis mil euros (16.000,00 euros), imputables á aplicación orzamentaria 2022 341 48910.

Terceiro: Publicar os presentes acordos no Boletín oficial da Provincia e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten alegacións, entenderase definitivamente aprobadas as Bases da convocatoria de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre para o ano 2022, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) logo da aprobación definitiva das Bases.»

O Sr. Mallo Castro intervén e di que o departamento de Deportes quere dar continuidade ás axudas económicas, bolsas de deportistas, tendo en conta os bos resultados de pasadas convocatorias, intentando que estas cheguen ao maior número de deportistas posible, polo tanto, dá lectura resumida aos acordos contidos na proposta.

Conclúe dicindo que quere informar que como novidade nesta convocatoria elimínase a necesidade de acreditar nivel deportivo na especialidade no ano anterior ao da solicitude, e isto faise co fin de intentar que a convocatoria destas bolsas chegue ao maior número de deportistas de nivel posible.

A Sra. González Roel solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que o seu grupo está de acordo con estas bases, que hai que traelas a pleno, e van votar a prol, incluso, pero si recriminar que como todos os anos, e xa son 7 os que levan no Goberno para poder modificar estas cousas, este concello, segundo di o informe do interventor, non ten aprobada a ordenanza xeral de subvencións, nin ordenanza específica reguladora das axudas económicas a conceder, polo que se recorda a necesidade de aprobación dun regulamento municipal de subvencións. Di que isto ano tras ano, e ela cre que nalgún momento hai que poñerlle man; que despois, como tamén se fiscalizan con desconformidade, unha cousa trae a outra.

Di que tamén a queixa de que os deportistas a día de hoxe, ou non sabe se hoxe, pero o outro día en comisións advertiulles que aínda non se tiñan cobrado as bolsas; que lamenta que se tarde tanto, e pide que se solucionen os problemas que pode haber para non resolver ese tema. Pero o seu voto vai ser favorable.

O Sr. Cubeiro Fernández solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que o seu voto será abstención.

O Sr. Varela Fraguío solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que neste caso, como fixeron en anteriores ocasións, van votar a prol, o que si lle gustaría facer é unha pequena pregunta retórica ou irónica, como lle queiran chamar, porque falan do bo resultado das convocatorias anteriores e eles pregúntanse se ese bo resultado se refiren ao número de solicitantes ou ao prazo de pago das bolsas; e di que vaia por diante que non está poñendo en dúbida o traballo de ninguén, de ningún funcionario, porque logo vense aquí e dise o que non dixo a xente.

O Sr. Mallo Castro intervén e manifesta que efectivamente eles tamén queren poñer remedio a esa dilatación dos prazos no pagamento das bolsas; e respecto da pregunta que fixo o Sr. Varela, por suposto o bo resultado é polo número de deportistas aos que están chegando as bases; que tentarán que os prazos se acurten en sucesivas convocatorias, que é o interese que teñen no Goberno e entende que o resto dos grupos tamén.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 14 de novembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaseis (16), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy, Alcantarilla Rei, Abalo Castex, González Roel, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Un (1), do Sr. Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.7. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA E ORZAMENTO DO CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ-CONCELLO DE CAMBRE 2023, ASÍ COMO A SÚA CONVOCATORIA

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 14 de novembro de 2022 (CVD: FtU8KQVigFaJXfGJdY+5), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social, na sesión de data 17 de novembro de 2022, que transcrita di:

«PROPOSTA AO PLENO

A nosa referencia: 7 Cultura

Asunto: Aprobación das bases da convocatoria e orzamento do Certame Literario Xoán Díaz – Concello de Cambre 2023, así como a súa convocatoria

Expediente: 2022/A002/000012 - 2022/G006/000233

O artigo 9.2 da Constitución española establece que “Corresponde aos poderes públicos [...] facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”. No artigo 20, apartado a), recóllese o dereito “a expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou cualquera outro medio de reprodución” e no apartado b) recóllese o dereito “á produción e a creación literaria, artística, científica e técnica”.

Os concellos son as administracións máis próximas aos cidadáns con competencias en materia de promoción cultural, deportiva e de ocio e tempo libre. A Lei 7/1985, 2 de abril, reguladora de Bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración local, no seu artigo 25.2 apartado m), establece entre as súas competencias a “Promoción da cultura e equipamentos culturais”.

Segundo o establecido no artigo 3.1, no seu apartado b) da lei 5/2016, de 5 de maio, de Patrimonio de Galicia, as administracións locais deben colaborar na salvagarda e na conservación do patrimonio cultural, fomentado o goce e estimulando para iso a participación activa de toda a sociedade. Así mesmo, o artigo 9.3, apartado a), punto primeiro, considera “a lingua como vehículo do patrimonio cultural e inmaterial, regulada pola súa normativa específica”.

A lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística, no artigo 25 establece que “as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”.

En base a este marco legislativo, o Concello de Cambre pretende levar a cabo o Certame Literario Xoán Díaz – Cambre 2023 coa finalidade de invitar á mocidade a presentar textos orixinais de poesía, narración breve e microteatro en lingua galega.

Por todo isto dende a Área de Cultura, Deportes e Xuventude propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobado inicialmente as bases e ficha de inscrición do Certame Literario Xoán Díaz - Concello de Cambre 2023, así como a súa convocatoria:

“BASES DA XXIX EDICION DO CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ – CONCELLO DE CAMBRE 2023

PRIMEIRA.- Poderá participar neste certame calquera moza/-o de idade comprendida entre os 12 e os 26 anos cumpridos antes da data límite de presentación das propostas, segundo as seguintes categorías:

CATEGORIA A:	de 12 a 14 anos
CATEGORIA B:	de 15 a 18 anos
CATEGORIA C:	de 19 a 26 anos

SEGUNDA.- Cada participante poderá presentar unha proposta a calquera das tres modalidades: Poesía, Narración breve e Microteatro.

- Modalidade de poesía: presentaranse tres poemas como mínimo, de tema e forma libres.
- Modalidade de narración breve: a extensión máxima será de cinco páxinas por unha soa cara e o tema libre.
- Modalidade de Microteatro: a extensión será de entre 5 e 10 páxinas, a unha soa cara, con tema libre.

TERCEIRA.- Os traballos estarán escritos en lingua galega e deberán ser orixinais, inéditos e non premiados.

CUARTA.- Deberán estar escritos con ordenador, en tamaño A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra 12; paxinados e sen asinar.

QUINTA.- Os traballos presentaranse por correo electrónico enviándoos á dirección certamexoandiaz@cambre.org.

No asunto figurará o PSEUDÓNIMO do autor. No corpo do texto figurarán o PSEUDÓNIMO, TÍTULO DA OBRA e CATEGORÍA. Enviaranse tres arquivos PDF. O primeiro deles coa ficha de inscrición do concursante; no segundo arquivo irá o DNI e, finalmente, no terceiro, o traballo que levará o PSEUDÓNIMO e o TÍTULO da obra.

SEXTA.- Haberá dous premios por categoría e modalidade, aínda que o xurado poderá declarar deserto calquera deles no caso de considerar insuficiente a calidade dos traballos presentados.

O importe dos premios será de:

CATEGORIA A:	1º Premio: 173,00 €	2º Premio: 128,00 €
CATEGORIA B:	1º Premio: 218,00 €	2º Premio: 150,00 €
CATEGORIA C:	1º Premio: 300,00 €	2º Premio: 173,00 €

Para o financiamento dos premios do Certame existe crédito, por importe de 3.426,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 334 48100 *Becas e premios promoción cultural* no actual orzamento municipal.

SÉTIMA.- Aos premios practicaráselles as retencións legalmente establecidas. A presentación da ficha de inscrición implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Con carácter previo á concesión e ao pagamento comprobarase de oficio que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, de ser o caso. De non cumprir estes requisitos notificarase ao interesado e concederase un prazo de 10 días para a súa emenda. De non emendar neste prazo, declararase a perda do dereito á concesión ou o pagamento do premio polo interesado.

OITAVA.- Da convocatoria do certame darase traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como dispón o artigo 20 da lei xeral de subvencións.

NOVENA.- O prazo para presentar solicitudes comezará a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria e remata o día 15 de abril de 2023.

DÉCIMA.- A composición e o fallo do xurado darase a coñecer 19 de maio de 2023.

UNDÉCIMA.- A organización do Certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido os autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría e enviarán á dirección de correo electrónico certamexoandiaz@cambre.org os seus traballos en formato de texto editable.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

DUODÉCIMA.- Os traballos non premiados destruíranse pasado un mes desde o fallo do xurado.

DÉCIMO TERCEIRA.- O xurado e a organización do certame están facultados para tomar as decisións que consideren oportunas ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nas presentes bases. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.”

**FICHA DE INSCRICIÓN
CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ – CONCELLO DE CAMBRE 2023**

Modalidade: Poesía
Narración breve
Microteatro

Categoría: Categoría A
Categoría B
Categoría C

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos:
NIF:
Domicilio:
Código Postal: Localidade:
Data de nacemento: Idade:
Teléfono:..... /.....
Correo electrónico:
Centro de estudo/traballo:

Datos do representante legal (se o autor/a é menor de idade e non é titular da conta bancaria)
Relación co concursante.....
Nome e apelidos (pai, nai ou titor)

DATOS FISCAIS

Titular da conta bancaria: (O titular da conta bancaria pode ser distinto do premiado no caso en que o premiado sexa menor de idade e/ou careza de conta aberta en entidade financeira da súa titularidade)

Nome e apelidos:NIF:.....

IBAN : ES __ / ____ / ____ / ____ / ____ / ____

A inscrición neste certame implica a aceptación das bases do mesmo. Máis información: 981 613 193 [ou cultura@cambre.org](mailto:cultura@cambre.org)

....., a de de 2023

Asdo.

Os datos incluídos nesta ficha serán incorporados a un ficheiro manual e automatizado propiedade do Concello de Cambre. Segundo a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, vostede poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición por escrito o Concello de Cambre- Área de Cultura, Rúa Río Barcés, 8, 15660 Cambre ou á dirección de correo electrónico cultura@cambre.org.

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

Segundo: Aprobar un gasto por importe de tres mil catrocentos vinte e seis euros (3.426,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 334 48100 Becas e premios promoción cultural.

Terceiro: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días hábiles a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan

presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten, entenderanse definitivamente aprobadas estas bases do Certame Literario Xoán Díaz – Concello de Cambre 2023, e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da aprobación das Bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Consta no expediente informe de fiscalización JUA NUM. 426/2022 da Intervención municipal de data 12 de novembro de 2022 (CVD: lbtQSE39Mnm0mOQhsOwl).

O Sr. Mallo Castro intervén e di que está no ánimo desta Corporación apoiar á xuventude nas súas iniciativas culturais e artísticas, como pode ser a creación literaria, e ao mesmo tempo promover e difundir o uso da lingua galega en todos os ámbitos e que con ese ánimo propoñen ao Pleno municipal a adopción dos acordos que constan na proposta transcrita, aos cales dá lectura resumida.

A Sra. González Roel solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que ela simplemente quere repetir, como veñen dicindo durante estes últimos anos, que dende 1985 o Instituto da Xuventude aumentou a idade de xuventude ata os 30 anos, e a eles pareceríalles lóxico que se aumentara a idade da categoría c), e que en vez desde os 19 aos 26 anos, fose dos 19 aos 30 anos; di que é unha proposta que levan feita durante todos estes anos; que de todas maneiras, van aprobar estas bases porque lles parece que a Cultura sempre hai que defendela.

A Sra. Sánchez Vieites solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que o seu voto vai ser favorable. Di que neste caso alégranse que as persoas gañadoras este ano xa estean por cobrar o premio, que cheguen estas bases con tanta celeridade; e que debería ser algo que pasara con outras bases, non só coas deste certame.

O Sr. Mallo Castro intervén e di que nesta edición tamén se consultou con docentes e outras fontes próximas ao certame, e foron os que recomendaron non aumentar a idade máxima, pero di que non descartan poder en vindeiras convocatorias poder aumentar esa idade máxima.

(Cando son as vinte e unha horas e corenta e nove minutos, reincorpórase ao salón de sesións a Sra. Vázquez Golpe.)

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 14 de novembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy, Alcantarilla Rei, Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Un (1), do Sr. Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 14 de novembro de 2022 (CVD: FtU8KQVIgFaJXfGJdY+5), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.8. MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DAS MEDIDAS DE APOIO Á INSERCIÓN SOCIO-FAMILIAR PARA PERSOAS QUE PARTICIPEN NO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 11 de novembro de 2022 (CVD: 9uZJ/TsMURfzK+Vtg/l8), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social, na sesión de data 17 de novembro de 2022, que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

Antecedentes

Visto que o Concello de Cambre en sesión plenaria do 18 de xullo de 2013 aprobou, con carácter inicial, a ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar e derogación da ordenanza anterior. Esta ordenanza reguladora foi exposta ao público durante trinta días, non se presentaron reclamacións ou suxestións, polo que, de conformidade co establecido no artigo 49 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 144 do 31 de xullo de 2013, foi aprobada definitivamente e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia núm. 180 do 20 de setembro de 2013.

Visto que con data 27 de febreiro de 2014 aprobouse no pleno ordinario unha nova modificación desta ordenanza nos seus artigos 14 e 21, así como o modelo de solicitude, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 48, do 12 de marzo de 2014 e definitivamente no BOP núm. 81, do 30 de abril de 2014.

Visto que no Pleno Ordinario do 28 de outubro de 2015 aprobouse a inclusión dun novo apartado “F. Axudas para un almorzo saudable”, no artigo 11.- Axudas escolares (publicado inicialmente no Boletín Oficial da Provincia núm. 219, do 16 de novembro de 2015 e definitivamente no BOP núm. 7, do 13 de xaneiro de 2016.

Visto que no Pleno do 25 de xuño de 2020 aprobouse unha nova modificación pola que se incluíu a Disposición final segunda na cal se recolle un aumento do importe máximo do total das axudas, durante os exercicios 2020 e 2021, publicada inicialmente no Boletín Oficial da Provincia núm. 100, do 3 de xullo de 2020 e definitivamente no BOP núm. 136, do 24 de agosto de 2020.

Visto que no Pleno Ordinario do 28 de outubro de 2021 aprobouse unha nova modificación consistente na modificación do artigo 6 e da Disposición Final Segunda, na que durante o exercicio 2022, se recolla un aumento do importe máximo do total das axudas, publicada inicialmente no Boletín Oficial da Provincia núm. 212, do 8 de novembro de 2021 e no Boletín Oficial da Provincia núm. 232, do 7 de decembro de 2021 e definitivamente no BOP núm. 19, do 28 de xaneiro de 2022.

Vistos os informes da coordinadora de servizos sociais, da secretaría xeral e o de intervención.

Esta alcaldía propón ao Pleno da corporación, previo ditame da comisión de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar social, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar, consistente na modificación do artigo 6 e da Disposición Final Segunda durante o exercicio 2023, do seguinte teor literal:

“Disposición Final Segunda:

1. Durante os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023 a cantidade máxima a percibir en 12 meses pola unidade familiar beneficiaria, prevista no artigo 4.1, dende a data de resolución da concesión das axudas comprendidas nesta ordenanza, non poderá superar na súa totalidade os seguintes importes:

NÚMERO DE MEMBROS	IMPORTE MÁXIMO DAS AXUDAS
1 MEMBRO	ATA 2 VECES O IPREM
2 OU 3 MEMBROS	ATA 3 VECES O IPREM
4 MEMBROS OU MÁIS	ATA 4 VECES O IPREM

2. En canto ao número de vales máximos que se poderán entregar ao ano por unidade familiar que figuran con un máximo de 6 conforme o artigo 6.1, se aumentan a 12 durante os exercicios 2020, 2021 2022 e 2023.

3. Durante os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023, non serán aplicables os límites ás contías de axuda económica destinada ao aboamento dos recibos de luz eléctrica, gas, auga, recibo de enganche de luz por corte (impago) e recibo de conexión de gas por corte (impago), que impidan os cortes de subministracións básicas da vivenda habitual, así como para o aluguer desta que impida os procedementos de desafuzamento por impago, cando existan garantías de continuidade da vivenda, previstos no artigo 7 da ordenanza.

4. A efectos de simplificación da tramitación durante o estado de nova normalidade así como eventuais retrocesos do mesmo ata fase 0, a documentación será solicitada unha soa vez a efectos de concesión da contía e en sucesivas solicitudes so os documentos imprescindibles para verificar que non se modificou a situación do solicitante.”

Segundo: Abrir un período de información e audiencia ás persoas interesadas por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello de Cambre, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación municipal.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A modificación da ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.»

O Sr. Alcantarilla Rei dá conta dos acordos que se traen a aprobación.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 11 de novembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaseis (16), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy, Alcantarilla Rei, Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Varela Fraguío, Sánchez Vieites e García Hidalgo.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dúas (2), dos/as Sres./as: Cubeiro Fernández e Santos López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 11 de novembro de 2022 (CVD: 9uZJ/TsMURfzK+Vtg/l8), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.9. MOCIÓN URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

A secretaria xeral dá lectura a declaración institucional, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social, na sesión de data 17 de novembro de 2022, que transcrita di:

«DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO
DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER
25 de novembro de 2022

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas, co ánimo de poñer o foco na violencia que se exercía contra as mulleres polo mero feito de selo, en 1999 decidiu declarar o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Se nos insta a todas e todos á tarefa de concienciación e sensibilización.

O Concello de Cambre quere manifestar a nosa repulsa cara a todas as formas de violencia recollidas no Convenio de Istambul e sumámonos a todas as voces que claman por un futuro en igualdade e libre de violencias.

Máis de 1.160 mulleres asasinadas pola súa parella ou ex-parella desde que hai rexistro en 2003. Asasinadas por ser mulleres. Debemos sumar a esta arrepianete cifra todas aquelas violencias exercidas contra as mulleres e sinaladas no citado Convenio. Son perdas inadmisibles nunha sociedade avanzada e moderna. Estamos ante unha cuestión de Estado, de saúde pública e un grave atentado aos Dereitos Humanos.

Temos diante unha realidade innegable que nos interpela a todos e todas a unha acción firme en pro da erradicación da violencia contra as mulleres e das actitudes sociais que a toleran, a xustifican ou incluso a banalizan, debemos intensificar esforzos para combater o machismo e condenar todas as actitudes, prácticas e conductas que consintan e reproduzan as violencias machistas. E non só da violencia física, repudiamos calquera outra forma de agresión machista: psicolóxica ou emocional, sexual, económica, acoso, vexación... tanto no eido persoal como laboral.

Dende o Concello de Cambre facemos un chamamento á responsabilidade común, tanto de institucións como de cidadanía, no problema da violencia de xénero. Ninguén pode mirar para outro lado. Cadaquén debe asumir a súa responsabilidade no problema e na solución do mesmo. Cómpre reflexión sincera por parte de todos e todas e acción conxunta.

A lexislación española tivo importantes avances normativos chegando a contar cunha lexislación que é un referente para moito Estados, sendo España o primeiro en acordar, en 2017, un Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. É tempo de que a sociedade tome conciencia e interiorice que, como ten dito a Organización das Nacións Unidas, a violencia contra as mulleres é unha vulneración dos dereitos humanos que alcanza proporcións pandémicas.

Observamos con preocupación o aumento no noso país do número de mulleres que teñen algún sistema de seguimento policial, de igual xeito o incremento de menores en situación de vulnerabilidade, xa que a violencia que sofren as nais esténdese a eles. Alertamos do aumento da violencia vicaria (47 menores desde 2013) e mostramos a nosa preocupación polo desamparo que sofren os orfos e orfas.

Aínda que pareza obvio, quizás non este de máis recordar que as mulleres non desexan ser vítimas, non desexan ser valentes, queren ser simplemente libres.

A liberdade, a seguridade e a integridade, son dereitos inherentes ao ser humano incuestionables e, como tales, non poden limitarse por circunstancias temporais ou espaciais nin tan sequera pender de ningún criterio, moito menos, pola condición de xénero.

A natureza esencial destes principios obriga a que non baste con que sexan respectados; deben estar garantidos sen fisuras cos medios legais e económicos precisos e coa defensa sen concesión por parte da sociedade –auténtica titular do poder nun sistema democrático-, que debe esixir que isto sexa así.

O Concello de Cambre quere lanzar, por último, unha mensaxe de esperanza e forza para todas estas mulleres que están a sufrir a violencia machista e a calquera que sufra o maltrato de xénero. Lembrámoslles que non teñen porque toleralo baixo ningunha forma e que estamos ao seu carón para axudalas a saír. Animamos por tanto ás vítimas e a calquera que teña coñecemento dalgún caso a dar o paso para pór fin á inxustiza. Contan connosco.

Por todo elo, o Concello de Cambre:

- Adhírese a esta Declaración, e apoia todas as voces que traballan por un futuro libre de violencias.
- Comprométese a empregar linguaxe libre de connotacións sexistas, a integrar a perspectiva de xénero nas nosas decisións, a difundir unha imaxe non sexista da muller, a traballar na prevención da violencia machista e promoción dos valores de igualdade e respecto entre toda a poboación, especialmente a máis nova, a fomentar a ética e a co responsabilidade nas tarefas e o coidado tanto de menores como de persoas dependentes, a identificar e emendar as posibles deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres, a respectar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal, a promover unha representación equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos de actuación municipal, a rexeitar a contratación de actividades nas que se ofrezan unha imaxe sexista da muller, a prestar especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade.
- Ratificamos o noso compromiso co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e lembramos a necesidade de continuar avanzando no seu desenvolvemento, así como subliñamos o especial papel que xogamos as entidades locais neste aspecto.
- Debemos seguir traballando na ruptura do silencio, a sensibilización e concienciación á cidadanía do problema estrutural da sociedade que supón a violencia machista.
- Instamos a mellorar a coordinación continua entre os diversos axentes sociais implicados na violencia contra as mulleres. Debemos mellorar a resposta institucional a todos os niveis, evitando o risco de vítima secundaria e mellorando a confianza das vítimas.
- Demandamos a utilización de todos os recursos que sexan necesarios na asistencia, axuda e protección das vítimas, os seus fillos e fillas.
- Debemos impulsar o debate social para que o público deixe de ser privado. Os Concellos somos a maioría das veces o primeiro recurso e, en ocasións, o único do que dispoñen as mulleres na procura de reparo e denuncia da violencia que sofren.
- Creemos que é de suma importancia dar un impulso á formación dos axentes implicados para garantir unha resposta especializada e integral ás vítimas.
- Temos que colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres.»

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de declaración institucional, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaioito (18), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy, Alcantarilla Rei, Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a declaración institucional con motivo do Día internacional da eliminación da violencia contra a muller (25 de novembro de 2022), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

A) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE AS PEAXES DAS AUTOESTRADAS ESTATAIS AP-9 E AP-53

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a votación a urxencia da moción do grupo municipal do PP, rexistrada de entrada, xunto con outra moción, ao núm. 20220000006423 o día 18 de novembro de 2022, relativa ao asunto epigrafiado, que é aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as presentes.

A moción, transcrita, di:

«MOCIÓN SOBRE AS PEAXES DAS AUTOESTRADAS ESTATAIS AP-9 E AP-53

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada AP-9 é a vía de comunicación máis importante de Galicia, xa que vertebra o territorio onde reside o 60% da poboación. Así mesmo, tamén é a autoestrada que, a pesar das bonificacións implantadas, está entre as máis elevadas de España, xunto coa outra autoestrada estatal en Galicia, a AP-53, que non ten ningún tipo de bonificación.

A día de hoxe, e aínda coas bonificacións implantadas, a AP-9 ten un custo medio por quilómetro de 6,12 céntimos. No caso da autoestrada estatal AP-53, de comunicación de Santiago con Ourense, ten o custo da peaxe máis alto de Galicia e atópase no "top" de España, con 7,77 céntimos de custo medio por quilómetro.

Estas dúas autoestradas estatais non só son das máis caras de España, senón que tamén se seguirán encarecendo en xaneiro, coa suba derivada do IPC se o Goberno central non adopta medidas, como xa fixo a Xunta nas autoestradas autonómicas da súa competencia, a AG-55, entre A Coruña e Carballo, e a AG-57, Vigo-Baiona.

Isto significa que, se o Goberno central non o remedia, o 1 de xaneiro a suba das peaxes en ámbalas dúas autoestradas estatais en Galicia roldará o 9 por cento, o que suporá o segundo maior incremento da serie histórica.

Entrando máis en detalle, os galegos teremos que soportar unha suba de máis do 8% nas peaxes da autoestrada estatal AP-53 e de case o 9% na AP-9. Nesta última haberá que sumarlle o 1% de incremento extra pola compensación a Audasa polas obras de ampliación da autoestrada, que autorizou un Goberno socialista en España.

Desde o grupo do Partido Popular do concello de Cambre lamentamos que ante a escalada de prezos e o evidente impacto que o IPC ía ter nas tarifas das autoestradas estatais AP-9 e AP-53, o Goberno de España non prevese ningunha medida nos Presupostos Xerais do Estado de 2023 co obxectivo de paliar o impacto da suba das peaxes no peto das familias e na competitividade das empresas.

Porén, consideramos que o Goberno de España está a tempo. Pode e debe evitar que os galegos teñamos que asumir o vindeiro 1 de xaneiro unha suba histórica das peaxes da AP-9 e da AP-53 no peor momento.

É por iso que, desde o grupo do Partido Popular presentamos esta moción no Pleno do Concello de Cambre para pedirlle ao Goberno de España que siga o exemplo do Goberno galego, que adopte medidas similares ás que xa adoptou a Xunta nas dúas autoestradas de titularidade autonómica, coa conxelación das peaxes en 2023, para evitar que os cidadáns asuman unha suba por mor do IPC, que está disparado.

Para anticiparse a esta situación, o Goberno galego, ante un previsible e desproporcionado incremento das peaxes das autoestradas da súa competencia como consecuencia do IPC, adoptou a decisión de conxelar as peaxes das autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57 e así o recolleu nos Orzamentos de 2023.

Os Orzamentos da Xunta conteñen unha partida de 4,8 M€ para paliar o impacto das peaxes nos usuarios, absorbindo o impacto do IPC e aplicando descontos. Esta partida representa un incremento do 86% con respecto ao 2022 e permitirá continuar coas bonificacións xa activas (usuarios recorrentes, en horario nocturno e para familias numerosas) e conxelar o prezo das peaxes das autoestradas autonómicas o 1 de xaneiro de 2023.

Esta medida da Xunta vense a sumar á que xa adoptou o 1 de xaneiro de 2022 para limitar o impacto da suba do IPC nas peaxes das autoestradas autonómicas, asumindo a metade do incremento, un 2,5%, no canto do 5% que correspondería.

Polo tanto, está fóra de toda dúbida que é unha cuestión de vontade política que o Goberno de España colla exemplo e adopte medidas nas autoestradas de titularidade estatal como as que a Xunta vai facer nas autoestradas autonómicas da súa competencia

En definitiva, é posible limitar as subas das peaxes e o Goberno de España ten o deber de facelo nas autoestradas de titularidade estatal en Galicia: na AP-9 e na AP-53.

Tendo en conta todo o exposto, o grupo do Partido Popular do concello de Cambre propón a adopción da seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

O concello de Cambre insta ao Goberno de España a que adopte as medidas encamiñadas á conxelación das peaxes nas autoestradas estatais, a AP-9 e a AP-53, similares ás que adoptou o Goberno galego nas autoestradas autonómicas.»

Aberto o debate, solicita o uso da palabra o Sr. Mallo Castro que, unha vez concedido, manifesta que dende UxC están totalmente en contra destas subas nas peaxes das autoestradas, o que lamentan é que non se tiveran en conta estas posibles subas por parte da empresa concesionaria cando se renovou a concesión ata o ano 2048, e tamén lamentan que non se solicite con máis insistencia o traspaso definitivo de autoestradas á Xunta de Galicia.

O Sr. Alcantarilla Rei solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que dende o Grupo Socialista de Cambre apoian e queren expresar o seu rotundo rexeitamento a esta medida, e piden tanto ao Goberno autonómico como a Goberno estatal que actúen con todo o que estea na súa man para evitar esta subida. Di que é necesario unha resposta política e social contundente, xa que consideran que é inxustificada, indiscriminada e impresentable; que dito isto, e deixando ben clara a súa oposición frontal ante esta suba, di que queren aclarar varios aspectos; primeiro, que o Goberno do Estado si está tomando medidas, un esforzo de 53 millóns de euros ao ano para bonificar a viaxe de volta da AP-9, e están absolutamente seguros de que se tomarán novas medidas para esta nova suba; di que fala o PP nesta moción das medidas adoptadas polo PP na Xunta de Galicia e piden ao Goberno do Estado que busque unha solución a esta suba, e el repítelles, están convencidos de que se fará, pero o que non lles parece de recibo por parte do PP é que se lles pida solucionar un problema e que se poñan como exemplo para solucionar problemas, cando precisamente foi o Goberno do PP, do Sr. Aznar, quen orixinou este problema, cunha prórroga de 40 anos de concesión á empresa adjudicataria; di que lembra que o PP a niveis estatal nunca tomou medidas e solucións como se están tomando, senón que todo o contrario; que o Sr. Rueda xa estaba no PP cando se orixinou a prórroga da concesión, que a orixe deste problema; que por último, pídelle ao PP que deixe de desprezar o traballo e as medidas adoptadas polo Goberno do Estado, que deixen de botar balóns fóra respecto dos problemas que están sufrindo todos os galegos e galegas, e que se poñan realmente a buscar solucións.

Conclúe dicindo que, dito isto, e convencidos de que se buscará unha solución que amorteza os danos a todos os galegos e galegas respecto desta medida, pero non estando de acordo coa intención política do PP á hora de elaborar esta moción, por iso o seu voto vai ser en contra.

O Sr. Varela Fraguío solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que eles, sempre que veñen mocions deste estilo, que atinxen ao Goberno central, moitas veces adoitan criticar; que si é verdade que poden poñer máis en dúbida, estar máis ou menos de acordo coa exposición de motivos, pero cre que esta vez si que

os acordos solicitados competen directamente aos veciños de Cambre, xa que moitos son usuarios desas peaxes, e toda axuda, e máis nestes tempos, é pouca.

O Sr. Abalo Castex solicita o uso da palabra e, unha vez concedida, agradece o voto favorable de AV, porque precisamente esta moción, unha das solicitudes de bonificacións das peaxes é precisamente por unha autoestrada que pasa polo termo municipal de Cambre; que respecto dos representantes de UxC e do PSOE, o Goberno municipal, unha vez máis, traen a pleno demagoxias. Dille ao Sr. Mallo que se consideran que hai que facer un traspaso das autoestradas á Xunta de Galicia, evidentemente nesa liña é na que está o Goberno galego, solicitando o traspaso, pero dille que non llo diga á Xunta que llo diga a quen ten sentado ao seu carón, que é o representante do Partido Socialista, que é o que ten a facultade de facer o traspaso definitivamente á Xunta de Galicia. Di que por petición non quedará, porque a Xunta de Galicia xa o ten solicitado, é o Goberno Central o que non adopta o acordo de transferir a competencia sobre as autoestradas.

Respecto do representante do PSOE, dille que se está convencido de que se van adoptar estas medidas por parte do Goberno Central, non ve o problema en que aproben esta moción.

Continúa dicindo que, evidentemente, entenden que é unha moción totalmente aséptica, que o que trata de solicitar é que se acorde por parte do Goberno de España a rebaixa das peaxes que lles afectan como veciños de Cambre, porque como xa dixo antes pasa, e moitos deles collen esa autoestrada a diario, a rebaixa das peaxes, co cal é unha medida boa para os veciños de Cambre e, unha vez máis, é unha mágoa que por demagoxia e por cuestións políticas non apoiem solucións xustas.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do PP de data 18 de novembro de 2022, sobre as peaxes das autoestradas estatais AP-9 e AP-53, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Varela Fraguío, Sánchez Vieites e García Hidalgo.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoa, Alcantarilla Rei e Santos López.

Abstencións: Unha (1), do Sr. Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción.

B) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA A DENUNCIAR A DERROGACIÓN DOS INCENTIVOS EXISTENTES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a votación ordinaria a urxencia da moción do grupo municipal do PP, rexistrada de entrada, xunto con outra moción, ao núm. 20220000006423 o día 18 de novembro de 2022, relativa ao asunto epigrafiado, que é aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as presentes.

Antes de dar a lectura á moción, a Sra. Vázquez Golpe solicita o uso da palabra e, unha vez concedida, manifesta que vai facer un punto previo, porque van modificar a proposta de resolución, no sentido que logo se verá, debido a que houbo un movemento, unha rectificación dos partidos de goberno de España e rectificaron parte dos argumentos que o PP reivindicaba. Polo tanto, di que farán unha modificación sinxela e breve na proposta de resolución.

Seguidamente, a Sra. Vázquez Golpe dá lectura á moción que, redactada en castelán e traducida ao galego, di:

«MOCIÓN RELATIVA A DENUNCIAR A DERROGACIÓN DOS INCENTIVOS EXISTENTES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O emprego é un dos grandes piares da inclusión ao constituír unha das referencias básicas da integración dunha persoa na sociedade e o elemento que lle permite a independencia no seu desenvolvemento.

Nese sentido, os centros especiais de emprego, cuxa misión é facilitar a inclusión sociolaboral das persoas con discapacidade, contribúen á empregabilidade destas persoas nunha contorna aberta, inclusiva e accesible. A diferenza do resto de operadores do mercado, os centros especiais de emprego prestan aos seus traballadores con discapacidade apoios persoais, sociais e laborais. Estes centros son especialmente relevantes se consideramos que, segundo o Instituto Nacional de Estatística, no noso país residen actualmente uns 4,5 millóns de persoas con discapacidade, pero soamente una de cada catro ten emprego.

O anteproxecto de lei do Ministerio de Traballo e Economía Social, que regula os incentivos á contratación laboral e outras medidas de impulso e mantemento do emprego estable e de calidade, derroga moitos dos incentivos existentes para a contratación de persoas con discapacidade, afectando a empresas ordinarias e a centros especiais de emprego.

Respecto destes últimos, uns 2300 centros especiais de emprego, tanto de iniciativa social como empresarial, que dan traballo a preto de 100000 persoas con discapacidade veranse gravemente afectados. O anteproxecto de lei afectaría tamén a entidades que fomentan o emprego de persoas con discapacidade como o Grupo Social ONCE, onde estas persoas supoñen o 59% do persoal, ou o Comité de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI).

Este anteproxecto elimina a bonificación do 100% pola contratación de persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego. Só para os contratos de carácter indefinido establécense unhas bonificacións lineais como nas empresas ordinarias.

Sen as bonificacións e incentivos existentes hoxe, a reducida taxa de ocupación deste colectivo será mesmo peor, afectando negativamente á participación e autonomía destas persoas, en contra dos obxectivos da Estratexia europea sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade para 2021-2030 e a Estratexia Española sobre Discapacidade 2022-2030.

É igualmente grave a falta de diálogo do Ministerio de Traballo e Economía Social durante o proceso de elaboración desta normativa, non só coas organizacións da discapacidade, senón coas Comunidades Autónomas que son responsables das políticas activas de emprego.

Esta proposta do Ministerio de Traballo e Economía Social supón por tanto un serio desafío ao modelo de emprego das persoas con discapacidade, vixente durante máis de corenta anos e baseado no principio dunha atención especializada; consagrada no artigo 49 da Constitución española. Ademais, a inclusión sociolaboral das persoas con discapacidade resentirase de forma inmediata, debido á perda automática de postos de traballo, os peches de centros especiais de emprego e a falta de prestación de servizos xa en marcha. É aquí onde os centros especiais de emprego son fundamentais, porque a mellor política para asegurar a inclusión é o emprego.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Cambre presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN (.../...)

Neste punto, antes de dar lectura á proposta de resolución, a Sra. Vázquez Golpe fai un inciso para explicar que do contido que leu na exposición de motivos da moción, ao final o Goberno de España tivo que rectificar. Finalmente mantén, dende data 11 de novembro, por acordo co CERMI, o cal puxera en evidencia a inoperatividade total e a discriminación que supoñía este anteproxecto de lei, pois o Goberno rectificou ese anteproxecto e mantén todos os incentivos e bonificacións á contratación de persoas con discapacidade. Di que, non obstante, despois desa rectificación do ministerio non se consolida aínda a inclusión das persoas con

discapacidade, polo tanto por iso rectificaron a proposta de acordo, que queda co seguinte teor:

«(.../...) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Solicitar ao Goberno de España que prevea mecanismos que protexan ao sector doutras políticas que poidan afectar á contratación de persoas con discapacidade, como o aumento do Salario Mínimo Interprofesional.

Propónse a regulación dun procedemento para a actualización e adecuación das contías ao progresivo aumento dos salarios mínimo e medios das persoas con discapacidade.»

O Sr. Alcantarilla Rei solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que dende o Partido Socialista de Cambre comparten e consideran a grande importancia e gran labor socioeconómica que realizan os centros especiais de emprego, os cales facilitan a inclusión sociolaboral das persoas con discapacidade, e cren que son imprescindibles dentro do ámbito sociolaboral, pero di que respecto da moción presentada polo grupo municipal do PP de Cambre, van votar en contra, con independencia de que teñan cambiado a proposta, dado que non existe ningún anteproxecto de lei. Di que tanto a ministra de Traballo como a ministra de Facenda desmentiron publicamente esta información, e anunciaron que se manterá a lei de incentivos a contratación de persoas con discapacidade. Por este motivo di que o seu voto a esta moción vai ser en contra.

A Sra. Vázquez Golpe maniféstalle ao Sr. Alcantarilla que dicir que non existe un anteproxecto de Lei do seu Goberno resulta pouco menos que temerario; que o proxecto de lei existe, existiu e seguirá existindo, de feito chegaron a un acordo cunha asociación que representa ao 75% das persoas discapacitadas en España para poñer en marcha ese anteproxecto de lei e eliminar del esas cuestións que ela non vai volver repetir. Pídelle que non lle diga que ese anteproxecto non existe, porque non o cre ninguén dos que están aquí nin ninguén a quen el llo diga; di que o que ocorre é que o Partido Socialista, como sempre, cando algo lle sae mal, ou lle protestan, ou xera conflito social, ou xera alarma social, ou se pon en dúbida a idoneidade do que pretenden, como sucede agora con outros proxectos aos que non se quere nin remitir, pois o Partido Socialista o que fai é o de sempre, negar a evidencia; que como non gusta, e como lle botaron o vaso de auga fría e teñen que rectificar, entón iso non existe, pero ela dille que si existe, e de feito téñenlle indicado que é o que se ten que actualizar, que son eses mecanismos de protección ao sector de políticas que poden afectar á contratación de persoas con discapacidade, e á regulación dun procedemento para a actualización e adecuación das contías dos salarios mínimos e medios das persoas con discapacidade.

Conclúe dicindo que se o señor Alcantarilla di que iso no existe, entón ela non sabe que Goberno é o partido que el representa aquí; que se non existe unha intención do Goberno socialista de actualizar eses dous conceptos que lle esta lendo, pois entón é que non existe no seu partido ninguén que se preocupe desas actualizacións en beneficio dos grupos e asociacións de persoas con discapacidade; que o mesmo señor concelleiro o ten dito; que non pode existir unha cousa sen a outra, polo tanto, non existen iniciativas do goberno socialista para actualizar esas cuestións; que se el mesmo o di e por riba vota en contra da moción, pois que máis lle pode dicir ela.

O Sr. Alcantarilla Rei contesta dicindo que non o di el, que o dixeron as ministras. Xa llo dixo antes, non o dixo el. Despois, xa saben que o PP cando goberna é o salvador do mundo. Nada máis.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do PP de data 18 de novembro de 2022, relativa a denunciar a derogación dos incentivos existentes para a contratación de persoas con discapacidade, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Tres (3), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel e Vázquez Golpe.

Votos en contra: Dez (10), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Abstencións: Cinco (5), dos/as Sres./as: Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción.

(Cando son as vinte e dúas horas e dezanove minutos auséntase da sesión a concelleira, Sra. María Olga Santos López).

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1878/2022, do 31 de outubro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

«**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Benestar Social efectuada a prol da segunda tenente de alcalde, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dende o día de hoxe ata a súa reincorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.»

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1926/2022, do 9 de novembro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

«**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da Área de Servizos e Seguridade Cidadá efectuada a prol da terceira tenente de alcalde, dona Elisa Pestonit, dende o día de hoxe ata a súa reincorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.»

4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 202 resolucións numeradas da 1800 á 2001 do ano 2022, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Extractos
1800/2022	21-10-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 25 de outubro de 2022
1801/2022	21-10-2022	Arquivar o expediente número 2022/I002/000011 incoado a MCP, pola instalación dun toldo na fachada do baixo sito na rúa Castellana que tal como queda acreditado queda solucionado coa presentación da comunicación previa número 2022/U026/000073



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1802/2022	21-10-2022	Arquivar o expediente número 2019/I002/000014 incoado a MBG pola realización de actos consistentes na ampliación dun galiñeiro na finca sita en Anceis, posto que tal e como queda acreditado a demolición da ampliación do galiñeiro existente executouse, dando así cumprimento ao ordenado en Resolución do concelleiro de Urbanismo e Obras de data 18 de febreiro de 2020
1803/2022	21-10-2022	Declarar a NCF responsable dunha infracción de carácter grave consistente na realización de movementos de terras, eliminación dunha fonte e un lavadoiro, e a realización de dous tramos de cerramentos de postes e malla e un cerramento vexetal e modificacións dun curso natural de auga na finca sita en Aián, Sigrás, sen axustarse ás comunicacións previas presentadas nos expedientes nº 2021/U026/000214 e 2021/U026/000329, ao non ser as ditas obras legalizables, e como consecuencia impoñerlle a sanción de multa de 6001 euros
1804/2022	21-10-2022	Suspender inmediatamente os vertidos de augas pluviais ao camiño público inventariado co número 1C.1.0191, provenientes da finca sita en Graduil, Cambre, sen autorización
1805/2022	21-10-2022	Aceptar a desistencia e declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por NCF, para a realización de obras en Aián, Sigrás, consistentes na retirada da cuberta do alpendre, colocación dunha nova cuberta de panel sándwich e construción de paramentos verticais mediante fábrica de bloque de formigón, ao terse informado desfavorablemente pola arquitecta técnica municipal con data 6 de xuño de 2022
1806/2022	21-10-2022	Suspender a actividade de vending que se está a realizar na rúa Pintor Pablo Manzano, por canto que non se axusta á comunicación previa presentada
1807/2022	21-10-2022	Cesamento funcionaria interina VSO
1808/2022	21-10-2022	Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos e composición do tribunal de docentes de enerxía e auga e instalacións e mantemento (Plan AFD)
1809/2022	24-10-2022	Aprobación de facturas e gastos, recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 76.312,17 euros
1810/2022	24-10-2022	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 85.182,83 euros
1811/2022	24-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para tres recibos de alugueiro correspondentes a agosto, setembro e outubro de 2022 a M.T. por un importe total de 1170 euros
1812/2022	24-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a C.R.G. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto.
1813/2022	24-10-2022	Aprobación de certificación correspondente ao servizo de acondicionamento da contorna do río Mero ao seu paso polo termo municipal de Cambre. Convenio Augas de Galicia 2020-2023. anualidade 2022, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 27.440,97 euros, así como o seu pagamento
1814/2022	24-10-2022	Rectificación da Resolución de aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do terceiro trimestre de 2022
1815/2022	24-10-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas do día 27 de outubro de 2022
1816/2022	24-10-2022	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de outubro de 2022
1817/2022	24-10-2022	Concesión a RVBordex, SL, da licenza municipal solicitada para a ocupación de 208 m ² de vía pública polo prazo de 2 meses fronte ao edificio sito na rúa Rosalía de Castro, O Temple, con motivo da execución das obras consistentes na substitución das fiestras de cuberta e colocación de illamento térmico e tella cerámica curva na cuberta do citado edificio
1818/2022	24-10-2022	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a dona MDAdeLY, AMAdeLY, MIAdeLY, MCAdeLY e MAdeLY con periodicidade trimestral e por un importe, cada vez, de mil euros (1000,00 €), ata o cumprimento da Resolución núm. 1932/2021 do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras do día 8 de novembro de 2021



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1819/2022	24-10-2022	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela, rúa Isaac Peral, do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre, en tres módulos, sen título habilitante municipal, e caducidade da acción para a reposición da legalidade urbanística respecto das ditas obras
1820/2022	25-10-2022	Aprobación da xustificación e proposta de pago das subvencións municipais concedidas á entidade Béisbol Cambre para actividades e transportes deportivos correspondentes ao ano 2019
1821/2022	25-10-2022	Aprobación do expediente de xeración de crédito número 15/2022. Subvención para a realización das accións formativas para persoas traballadorea desempregadas do Plan AFD 2022/2023
1822/2022	25-10-2022	Solicitud de subvención ás entidades locais a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e a asociacións de pais e nais para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento SI436A, SI436B e SI436C), da Secretaría Xeral da Igualdade
1823/2022	25-10-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1824/2022	25-10-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1825/2022	25-10-2022	Aprobación da nómina do mes de outubro de 2022
1826/2022	25-10-2022	Concesión de anticipo a funcionaria MJS
1827/2022	25-10-2022	Execución do aval outorgado pola entidade CAIXA GALICIA, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 560-0704-000091/0, e prestado a D. J.A.G.C., en garantía da correcta execución das obras de urbanización a realizar no ámbito físico afectado polo convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Cambre e D. Ramón Suárez-Pumariega Molezún o 20 de xaneiro de 1993, sito no lugar do Piñeiro, parroquia de Brexo
1828/2022	25-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a S.B.B. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1829/2022	25-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a K.A.T.B. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1830/2022	26-10-2022	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de setembro de 2022 e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de outubro de 2022
1831/2022	26-10-2022	Convalidación da omisión do trámite de fiscalización preceptiva previa da aprobación da concesión dos premios do Certame Literario Xoán Díaz – Concello de Cambre 2022
1832/2022	26-10-2022	Incoación do expediente de baixa de oficio do padrón de habitantes – A.R.M. e L.A.L.M.
1833/2022	26-10-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1834/2022	26-10-2022	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela rúa Zeppelin, do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre
1835/2022	26-10-2022	Declarar prescrita a infracción consistente na segregación dunha porción de dezasete áreas setenta e seis centiáreas, de finca de corenta e catro áreas, dezaseis centiáreas, sen licenza municipal
1836/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social recibo de alugueiro mes de xullo 2022 a J.A.M.V. por importe de 238,04 euros
1837/2022	26-10-2022	Denegación de axuda de emerxencia social para gastos farmacéuticos a N.B.B. por superar o importe máximo anual a percibir establecido na ordenanza reguladora
1838/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a L.P.F. por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
1839/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a G.S.J. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1840/2022	26-10-2022	Desistencia de axuda de emerxencia social alimentación M.R.M.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1841/2022	26-10-2022	Desistencia de axuda emerxencia social alimentación S.F.D.
1842/2022	26-10-2022	Concesión de axuda emerxencia social alimentación a F.M.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1843/2022	26-10-2022	Concesión de axuda emerxencia social alimentación a A.A.R.A. por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
1844/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo de auga a M.E.G. por importe de 46,26 euros
1845/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibos de luz a N.P.S.O. por un importe total de 818,91 euros
1846/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro de setembro de 2022 a R.F.A.V. por importe de 250 euros
1847/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo de gas a A.D.C.M. por importe de 29,14 euros
1848/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro agosto 2022 a E.S.B.M. por importe de 350 euros
1849/2022	26-10-2022	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a NCFi periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de mil euros (1000,00 €), ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras do día 21 de xuño de 2022, pola que se ordenou a demolición dos cerramentos realizados no linde sur da parcela
1851/2022	26-10-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 25.740,87 euros
1853/2022	26-10-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 11.219,94 €
1854/2022	26-10-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 62.269,57 euros
1855/2022	26-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio do padrón municipal de habitantes MdelCTT, VRAT e OPG
1857/2022	26-10-2022	Convalidación da omisión de fiscalización do expediente 2022/G003/000088
1850/2022	27-10-2022	Baixa de dona MJGH no rexistro municipal de unións non matrimoniais
1852/2022	27-10-2022	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe de 6.353,87 euros
1856/2022	27-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio do padrón municipal VAM
1858/2022	27-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio do padrón municipal de habitantes SBP
1859/2022	27-10-2022	Convocatoria de proceso para a selección dun técnico de xestión de Administración Xeral pola existencia de praza vacante, de conformidade co artigo 10-1a) do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015 e para a creación dunha relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración Xeral interinos e aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
1860/2022	27-10-2022	Concesión a CS, SL, da licenza municipal para a ocupación de 65 m ² de vía pública, por un período de 25 días, fronte ao edificio sito na rúa Constitución, O Temple, con motivo da execución das obras de substitución da cuberta do citado edificio
1861/2022	27-10-2022	Concesión a MCPM da licenza solicitada para a colocación dunha terraza, composta por seis mesas con catro cadeiras cada unha en primavera e verán (20,24 m ²) e por catro mesas con catro cadeiras cada unha en outono e inverno (15,84 m ²), na finca sita na rúa Castellana, Cambre,
1862/2022	27-10-2022	Contratación menor da representación ante o Xulgado nº5 da Coruña no procedemento 578/2022 interposto por dona M.D.B.A. contra o Concello de Cambre



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1863/2022	27-10-2022	Declaración de prescripción das infraccións urbanísticas cometidas como consecuencia das segregacións practicadas sen licenza municipal sobre un baixo sito na rúa Constitución, O Temple, e caducidade da acción para a reposición da legalidade - Solicitante: J.P.V.
1864/2022	27-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio do padrón municipal padrón de habitantes de JMdePV.
1865/2022	27-10-2022	Denegación da axuda emerxencia social alimentación a N.M.G.S. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza reguladora
1866/2022	27-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio no padrón municipal de habitantes JBL
1867/2022	28-10-2022	Convocatoria Xunta de Voceiros extraordinaria día 3 de novembro de 2022 ás 10:00 horas, PXOM
1868/2022	28-10-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de novembro de 2022
1869/2022	28-10-2022	Incoación de expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a dona IMTR de P
1870/2022	29-10-2022	Aprobación de permiso de lactación e vacacións de SGC
1871/2022	29-10-2022	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas - Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 correspondente ao mes de outubro 2022
1872/2022	29-10-2022	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas - Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 correspondente ao mes de setembro 2022
1873/2022	31-10-2022	Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas e gastos por importe de 2.470,40 euros
1874/2022	31-10-2022	Aprobación lista definitiva de admitidos/excluídos docentes de enerxía e auga e instalacións e mantemento
1875/2022	31-10-2022	Aprobación de certificación correspondente á obra acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo cara ao Pinar e cara á torre e barreiros" (Plan único de concellos) POS+2020 e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe 29.551,73 euros, así como o seu pagamento. (CERT núm. 5)
1876/2022	31-10-2022	Aprobación certificación núm. 3. da obra "Arranxo de camiños municipais. Fase 3"
1877/2022	31-10-2022	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela 135, rúa Isaac Peral, do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre, en tres módulos, sen título habilitante municipal
1878/2022	31-10-2022	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde dona Lúa Sanguñedo Álvarez dende o día 28 de outubro ata a súa reincorporación
1879/2022	31-10-2022	Oferta de postos vacantes ao resto de vendedores ambulantes do recinto feiral do Campo da Feira de Cambre
1880/2022	31-10-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de novembro de 2022
1881/2022	02-11-2022	Aprobación do proxecto denominado "Mantemento de camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre e outros. Cambre 2022", redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, por importe de 457.321,77€
1882/2022	02-11-2022	Denegación da axuda de emerxencia social alimentación a R.C.C.T. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza reguladora
1883/2022	02-11-2022	Denegación da axuda de emerxencia social alimentación a F.C.S. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza reguladora
1884/2022	02-11-2022	Denegación da axuda de emerxencia social alimentación a M.E.D.D. por superar o límite de aforro establecido na ordenanza reguladora
1885/2022	02-11-2022	Concesión da axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a T.P.A.S. por importe de 360 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1886/2022	02-11-2022	Concesión da axuda de emerxencia social para dous recibos de alugueiro a M.A.V.C. por un importe total de 760 euros.
1887/2022	02-11-2022	Concesión a axuda emerxencia social alimentación a M.R.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1888/2022	02-11-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a M.M.M.P. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1889/2022	02-11-2022	Designación do secretario suplente na mesa de contratación no expediente do contrato mixto dos "Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022-2023"
1890/2022	02-11-2022	Aprobación da modificación do título da obra "Mantemento de camiños municipais, Cambre 2022. 2ª Fase 2", por "Mantemento de camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre e outros. Cambre 2022".
1891/2022	02-11-2022	Complementar a Resolución de data 17 de xullo de 2019 e acordar que no caso de que o día prefixado para a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local (todos os martes ás 09:00 horas) coincida en festivo celebrárase co mesmo carácter de ordinaria o día seguinte hábil á mesma hora
1892/2022	04-11-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de novembro de 2022
1893/2022	04-11-2022	Desestimar o recurso de reposición presentado por dona TMV contra a resolución núm. 1250/2022 de data 07/07/2022 do concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade polos motivos expostos no informe do coordinador de actividades culturais e educativas
1894/2022	04-11-2022	Folga traballadores SAF. Os servizos mínimos realizaranse atendendo ás circunstancias das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar, especialmente a súa vulnerabilidade, entendendo que, para a cobertura mínima de atención dunha situación de folga, habería que primar as funcións que se desenvolven para que quede garantida a cobertura dos servizos de carácter vital.
1895/2022	07-11-2022	Conceder a RA, SL, a licenza municipal solicitada para a ocupación de 37 m ² de vía pública, por un período de 1 mes, fronte ao edificio sito na rúa Pígaro, O Temple, con motivo da execución da obra consistente na colocación de illamento térmico na fachada do citado edificio
1896/2022	07-11-2022	Conceder a UFD DE, SA, licenza municipal para a instalación dun punto de acceso á rede eléctrica de media tensión para a nave loxística sita na rúa Marconi, polígono industrial de Espírito Santo, Cecebre
1897/2022	07-11-2022	Aprobar a realización do programa cultural do mes de novembro de 2022
1898/2022	07-11-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a MRI
1899/2022	07-11-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a JML
1900/2022	07-11-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a MDS
1901/2022	07-11-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a AKMM
1902/2022	07-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a I.D.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1903/2022	07-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a B.B.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1904/2022	08-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a G.C.P.V. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1905/2022	08-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a R.B.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1906/2022	08-11-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a AKChR



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1907/2022	08-11-2022	Conceder licenza a dona TPV para a reforma interior e ampliación da vivenda unifamiliar sita no lugar de Fonte do Galo, parroquia de Brexo, en solo cualificado como de núcleo rural, de conformidade co proxecto técnico da arquitecta D.T.S. con visado nº 2204662.2 de data 10 de agosto de 2022.
1908/2022	08-11-2022	Desestimar parcialmente as alegacións presentadas por JAMV, actuando en representación do Arcebispado de Santiago de Compostela por canto que: - Non procede entrar a valorar a pertinencia da orde de execución ditada, xa que se trata dun acto firme e consentido, ao non ter sido recorrido polo interesado. - Non existe vulneración do principio de boa fe, xa que se superou con creces o prazo concedido para a presentación do proxecto de conservación, sen que este se presentara. Segundo.- Estimar parcialmente a alegación relativa ao importe das multas coercitivas
1909/2022	08-11-2022	Conceder a UFD DE, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 9 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar do Castro, Bribes
1910/2022	08-11-2022	Aprobación de adianto da nómina do mes de novembro de 2022 e proposta de mandamento de pago e pagamento da operación non orzamentaria a dona RLV
1911/2022	08-11-2022	Conceder a MGD a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais
1912/2022	08-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1913/2022	08-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1914/2022	08-11-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para material escolar a C.G.R. por importe de 39,05 euros
1915/2022	08-11-2022	Denegación de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a J.A.M.V. por esgotar o importe máximo concedido para 12 meses.
1916/2022	08-11-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 68.555,31 euros
1917/2022	08-11-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a AKChR
1918/2022	08-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a A.M.F.F. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1919/2022	08-11-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a J.P.P.
1920/2022	08-11-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.L.I.
1921/2022	08-11-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a J.P.C.
1922/2022	08-11-2022	Denegación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a E.C.M
1923/2022	08-11-2022	Denegación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a D.O.A.F. por non acreditar problemas de mobilidade
1924/2022	08-11-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a D.R.F.
1925/2022	08-11-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a J.F.M.
1926/2022	09-11-2022	Avocación de competencias de dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá dende o día 9 de novembro ata a súa reincorporación
1927/2022	09-11-2022	Concesión de duplicado de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.L.C.C.
1928/2022	09-11-2022	Denegación de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a E.S



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1929/2022	09-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1930/2022	09-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1931/2022	10-11-2022	Autorizar á concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta, para comparecer ante o Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación da Coruña no acto de conciliación obrigatorio con don XALM que se realizará o día 14 de novembro de 2022, ás 11:15 horas
1932/2022	10-11-2022	Aprobación de certificacións correspondente á obra "Mellora da accesibilidade no entorno da escola de Música Sementeira de Sigrás, Cambre (supervisado) (Plan Único de concellos) POS+ 2021", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 60.274,10 euros, así como o seu pagamento. (certificacións de obra 1, 2 e 3, e liquidación)
1933/2022	10-11-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe de 41.719,12 euros
1934/2022	11-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.J.P.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1935/2022	11-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1936/2022	11-11-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de novembro de 2022
1937/2022	11-11-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 28.035,46 euros
1938/2022	11-11-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a M.A.C.R. por non cumprir os requisitos establecidos no Art. 2 da ordenanza reguladora
1939/2022	11-11-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a N.B.B. por esgotar a cantidade máxima a percibir en 12 meses establecida na ordenanza
1940/2022	14-11-2022	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2021 número 31/2022 por importe de 62.354,07 euros financiada en 32.374,58 euros con compromiso de ingreso e en 29.979,49 euros con remanente de tesourería para gastos xerais
1941/2022	14-11-2022	Conceder a UFD DE, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 21 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de San Roque, núm. 1-C, parroquia de Sta. María de Vigo
1942/2022	11-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a O.M.P.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1943/2022	11-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.J.M .E. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1944/2022	14-11-2022	Corrección erros no punto primeiro das resolucións núm. 1.231/2020 do concelleiro da Área de Urbanismo e Obras do 27 de agosto de 2020 e núm. 1081/2021 do concelleiro da Área de Urbanismo e Obras do 30 de xuño de 2021 polas que se concede licenza a dona AGL, expediente nº 2019/U018/000026, no que a superficie das parcelas de resultado
1945/2022	11-11-2022	Aprobar a autoliquidación mediante o modelo 583 correspondente ao pago fraccionado do Imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica do ano 2022 por un importe de 0,00 euros.
1946/2022	14-11-2022	Conceder a licenza de primeira ocupación a Mª PMS para a vivenda sita no lugar deo Sixto, parroquia de Cambre, con licenza de obra nº 01/37/2011.
1947/2022	14-11-2022	Anular o modificativo de crédito, transferencia de crédito 1/2022, no importe de 44.679,67 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1948/2022	11-11-2022	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de outubro de 2022 por importe de 78.744,31 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 78.744,31 euros no concepto non orzamentario "20001 I.R.P.F. RETENCIÓN DE TRABALLO PERSOAL".
1949/2022	14-11-2022	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 17 de novembro de 2022
1950/2022	14-11-2022	Aprobación da certificación correspondente á obra "Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no P.I. do Espírito Santo, Cambre, A Coruña", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondente a factura por importe de 46.030,25 euros, así como o seu pagamento
1951/2022	14-11-2022	Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Adecuación funcional Horta do Cura. Cambre, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe de 13.004,08 euros, así como o seu pagamento (certificacións 3 e 4)
1952/2022	15-11-2022	Ampliación do prazo de execución da obra correspondente ao LOTE 1, Cambre, da contratación de "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED" (expediente TEDeC 2021/C003/000009), ata o 31 de marzo de 2023
1953/2022	15-11-2022	Ampliación do prazo de execución da obra correspondente ao LOTE 2, A Barcala, da contratación de "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED" (expediente TEDeC 2021/C003/000009), ata o 31 de marzo de 2023
1954/2022	15-11-2022	Ampliación do prazo de execución da obra correspondente ao LOTE 3, O Temple, da contratación de "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED" (expediente TEDeC 2021/C003/000009), ata o 31 de marzo de 2023
1955/2022	15-11-2022	Ampliación do prazo de execución da obra correspondente ao LOTE 4, Polígono Espírito Santo, da contratación de "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED" (expediente TEDeC 2021/C003/000009), ata o 31 de marzo de 2023.
1956/2022	15-11-2022	Contrato menor para representación ante o Xulgado nº1 reforzo da Coruña no procedemento 576/2022 interposto por dona Bárbara Caridad Cañizo contra o Concello de Cambre
1957/2022	15-11-2022	Inscripción do can identificado como MIA, de raza Pit Bull Terrier, sexo femia e microchip número 977200008088212, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos
1958/2022	15-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.E.S.A. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1959/2022	15-11-2022	Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida por importe de 44.366,52€, ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2021, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas destinadas á habilitación e mellora da infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución da obra denominada "Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no polígono industrial do Espírito Santo, Cambre, A Coruña"
1960/2022	15-11-2022	Acceso á información solicitada por dona M.O.S.L., concelleira do Grupo Mixto



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1961/2022	15-11-2022	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2022/C002/000126 SERV cuxo obxecto é a contratación das pólizas de seguros de accidentes e de responsabilidade civil, esixidas pola Xunta de Galicia para os cursos do Plan formativo para o emprego 2022-2023, con cargo á aplicación orzamentaria 241.22400 "Primas de seguros fomento de emprego". Adxudicar o contrato menor á empresa MARKEL INSURANCE (sucursal en España SE), por un importe máximo de 1.275,00 euros (IVE 0%)
1962/2022	15-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1963/2022	16-11-2022	Aceptar a desistencia da petición da axuda para lentes correctoras a RMG por non achegar a documentación requirida no prazo establecido
1964/2022	16-11-2022	Aprobación de permiso de lactación acumulada e vacación SMC
1965/2022	16-11-2022	Denegar a petición de GDM de realizar a súa xornada laboral os luns e martes en horario continuado de 8 a 15 horas polas razóns motivadas no informe do coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 26 de outubro de 2022 e autorizar a que realice a xornada de todos os venres en horario de 8 a 15 horas ampliando a conciliación establecida ata agora
1966/2022	16-11-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 263.493,64 euros
1967/2022	16-11-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas con reparos da intervención municipal, así como o seu pagamento por importe total de 54.218,40 euros
1968/2022	16-11-2022	Aprobar a relación de 3 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 no mes de novembro
1969/2022	16-11-2022	Suspensión da actividade que se está a realizar por Talleres y Servicios La Telva II S.L, no local sito na en Telva, Sigrás, carecendo de título habilitante municipal, de acordo co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia. Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.
1970/2022	16-11-2022	Corrixir erro no apartado primeiro, punto e) da resolución núm. 416/2022 do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 14 de marzo de 2022 onde di: "e) Exp. nº 01/162/00: aval de Abanca nº 14.12.2021 por importe de 7.083,46 euros a nome de S.S.A." debe dicir: "e) Exp. nº 01/162/00: fianza por importe de 7.083,46 euros depositada en metálico por S.S.A."
1971/2022	16-11-2022	Conceder a MFM prórroga do prazo para comezar as obras de rehabilitación da vivenda unifamiliar sita na Estrada da Estación, parroquia de Cambre, expediente nº 2021/U022/11, autorizadas por licenza concedida por resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras nº 1484 de data 24 de agosto de 2021, polo prazo máximo de seis meses
1972/2022	16-11-2022	Conceder a FMªFM a prórroga do prazo para comezar as obras de rehabilitación da vivenda unifamiliar sita na Estrada da Estación, parroquia de Cambre, expediente nº 2021/U022/12, autorizadas por licenza concedida por resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras nº 1483 de data 24 de agosto de 2021, polo prazo máximo de seis meses
1973/2022	16-11-2022	Suspender inmediatamente a talla que están a realizar JRNB na parcela sita no lugar de Fial (Pravio), sen ter depositado o correspondente aval, carecendo de título habilitante municipal, provocando danos no camiño municipal. Iniciar procedemento sancionador
1974/2022	16-11-2022	Conceder licenza municipal a dona Mª M, P e BV, para segregrar da finca sita no lugar de A Cabana, parroquia de Anceis de 3.641 m ² , unha parcela de 910 m ² , condicionada a agrupación desta a parcela lindeira.
1975/2022	16-11-2022	Conceder a LLM a licenza para a división dunha finca sita no lugar de Fabás, parroquia de Pravio, de 12.714 m ² , en catro parcelas de 7.264 m ² , 3.013 m ² , 1.500 m ² e 937 m ² , sendo esta última de cesión obrigatoria e gratuita ao Concello para regularización do viario



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1976/2022	16-11-2022	Suspender a actividade de compravenda de vehículos que se está a realizar na finca sita en Pontido, Sigrás, con referencia catastral 1620925NH5912S0001DT, carecendo de título habilitante municipal, de acordo co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1977/2022	16-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.M.L.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1978/2022	16-11-2022	Concesión axuda emerxencia social recibo auga a A.D.C.M. por importe de 49,85 euros
1979/2022	16-11-2022	Concesión axuda emerxencia social recibos auga e luz a M.J.B.B. por un importe de 60,86 e 17,26 euros respectivamente
1980/2022	16-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a E.I.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1981/2022	16-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.N.G.F. por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
1982/2022	17-11-2022	Autorización remisión documentación solicitada por dona M.O.S.L., en escrito presentado o día 16 de novembro de 2022, ao número 202299900006366.
1983/2022	17-11-2022	Aprobar a realización da actividade "Xogando no Nadal 2022"
1984/2022	17-11-2022	Concesión axuda emerxencia social a M.V.C. para lentes correctoras
1985/2022	17-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a D.V.D. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1986/2022	17-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a N.D. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1987/2022	17-11-2022	Iniciar expediente de orde de execución a herdeiros de JMBP, para a corrección dos vertidos existentes (restos de tellas, entullos, papeis e cartóns de sacos de cemento ou similar, plásticos), na finca sita en Espiñeiro-Brexo
1988/2022	17-11-2022	Iniciar expediente de orde de execución a JFB, para a roza da vexetación existente na finca sita en Graduil, Cambre, que estea a invadir o camiño público inventariado co nº 1C.1.0182. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística
1989/2022	18-11-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de novembro de 2022
1990/2022	18-11-2022	Declaración de caducidade do expediente de disciplina urbanística nº 2015/X000/020827 por transcurso do prazo para resolvelo e incoación de expediente nº 2022/I002/000021, de reposición da legalidade a J.C.R. e L.A.V. co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento das obras levadas a cabo nunha caseta sita en San Bartolomé, Pravio, concedendo un prazo de 15 días para alegacións e xustificacións
1991/2022	18-11-2022	Declaración de caducidade do expediente de disciplina urbanística nº 07/93/01, incoado a Fondesvalle, S.L., por construción de nave industrial na rúa Bell sen adaptarse ao contido da licenza núm. 01/06/01, sen que se poida iniciar novo expediente pola realización das obras denunciadas ao ter caducado a acción para a reposición da legalidade e ter prescrito a infracción, polo que se ordena o arquivo das actuacións practicadas
1992/2022	18-11-2022	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística a P.G.C. e S.C.C., pola existencia de diversas construcións, sen título habilitante, na parcela sita en Lendoiro, Cecebre
1993/2022	18-11-2022	Expediente de orde de execución 2022/I004/000113, incoado a Dans Rodríguez y Cía, S.L. pola existencia de tubaxe con vertido de augas pluviais que afectan as parcelas lindadeiras en Camiño da Carreira, Sigrás. Orde de suspensión e concesión de prazo de audiencia
1994/2022	18-11-2022	Incoación de expediente de disciplina urbanística 2022/I002/56 a J.C.R. e F.F.H., propietarios dun local sito en Travesía Igrexa, O Temple, polo exercicio dunha actividade de almacén de diversos materiais, entre os que se atopan algúns perigosos, sen título habilitante.

1995/2022	18-11-2022	Execución do aval outorgado pola entidade CAIXA GALICIA, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 130.594, e prestado a M.L.M.G., en garantía da correcta execución das obras de urbanización a realizar no ámbito físico afectado polo convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Cambre e D. Ramón Suárez-Pumariega Molezún o 20 de xaneiro de 1993, sito no lugar do Piñeiro, parroquia de Brexo.
1996/2022	18-11-2022	Execución do aval outorgado pola entidade CAIXA GALICIA, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 560-0708-000020/3, e prestado a E.J.M.F. e M.E.S.P.R., en garantía da correcta execución das obras de urbanización a realizar no ámbito físico afectado polo convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Cambre e D. Ramón Suárez-Pumariega Molezún o 20 de xaneiro de 1993, sito no lugar do Piñeiro, parroquia de Brexo.
1997/2022	18-11-2022	Execución do aval outorgado pola entidade BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 196747, e prestado a J.M.B., en garantía da correcta execución das obras de urbanización a realizar no ámbito físico afectado polo convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Cambre e D. Ramón Suárez-Pumariega Molezún o 20 de xaneiro de 1993, sito no lugar do Piñeiro, parroquia de Brexo.
1998/2022	18-11-2022	Delegación na concelleira dona María Dolores Pan Lesta para que reciba o consentimento do matrimonio civil de A.V.M.U. e E.R.S.C., o día 19 de novembro de 2022, ás 10:00 horas.
1999/2022	18-11-2022	Adxudicación de contrato menor á empresa PRESENZA Sistemas Tecnolóxicos SL., por un importe máximo de 2.275,00 euros sen IVE, e 2.752,75 euros con IVE incluído, cuxo obxecto é a adquisición do equipamento para o control biométrico de accesos. Cursos Plan Formativo para o Emprego da Xunta de Galicia. (AFD)
2000/2022	18-11-2022	Expediente de incorporación de remanentes do exercicio 2021 número 32/2022, por importe de 34.371,69 euros, financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais
2001/2022	18-11-2022	Autorización de acceso ao expediente solicitado por M.J.G.H., en escritos presentados en datas 16-11-2022 (nº rexistro 202299900006363) e 17/11/2022 (nº rexistro 202299900006397).

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 25 de outubro de 2022
<ul style="list-style-type: none"> - Acordo de prórroga por un ano, ata o 31 de decembro de 2023, e nos seus mesmos termos, do contrato suscrito coa empresa Publiprinters Global, S.L., para o "Servizo de deseño e impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022". Expediente TEDeC 2022/C004/000004. - Aprobación do expediente de contratación da obra "Reforma da planta baixa do centro sociocultural de Brexo-Lema", por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo). Expediente 2022/C003/000014 - Aprobación do expediente de contratación da obra "Mellora e reparación dun tramo da rúa Luís Seoane, para tráfico compartido", polo procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo). Expediente 2022/C003/000016

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de novembro de 2022

- Designación como coordinador/a de seguridade e saúde da obra de “Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no PI de Espírito Santo, Cecebre. Cambre (A Coruña)” ao/á técnico/a que corresponda da entidade Gallega de Coordinacións, S.L., adxudataria do servizo de “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre”, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data de 6 de xuño de 2021. Expediente 2022/C003/000008
- Deixar sen efecto a designación como director da obra denominada “Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase 1”, efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 2.3.2022, a prol do arquitecto don José Ramón Díaz Barbeito, e designar como directora da dita obra a dona Elena Bartolomé Delanõe, enxeñeira técnica de obras públicas do Concello de Cambre. Expediente 2021/C003/000013
- Resolución do contrato menor correspondente á obra denominada “Descrición Técnica para a ampliación e desmonte de muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre”, adxudicado á empresa “OCISAT, S.L.” no prezo de 8.000,00 euros sen IVE (9.680,00 euros IVE incluído). Expediente número 2021/C002/000055, con base na demora inxustificada na comprobación do replanteo.
- Devolución da garantía definitiva depositada pola entidade “Canarga, S.L.”, no expediente número 13/15-3 OB para a “Renovación do firme nas parroquias de Santa María de Vigo, Pravio e outras, Cambre 2012, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2013”.

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de novembro de 2022

- Aprobación do Plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudataria e presentado polo coordinador de seguridade e saúde, F.J.C.F., da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. ao que achega o seu informe favorable, para a execución da obra denominada “Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no polígono industrial de Espírito Santo, Cambre”. Expediente: 2022/C003/00008
- Aprobación do expediente contrato da obra “Ampliación de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre” polo procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo). Expediente 2022/C003/000015

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 8 de novembro de 2022

- Devolución da garantía definitiva depositada pola entidade “Canarga, S.L.”, no expediente número 13/31-6 OB para a obra “Renovación do firme na rúa Isaac Peral, polígono do Espírito Santo, Cambre (obra cofinanciada con fondos europeos FEDER, no marco do programa operativo FEDER de Galicia 2007-2013)”.

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 15 de novembro de 2022

- Denegación da prórroga solicitada polo adxudicatario, da execución da obra “Mellora da accesibilidade no entorno do polígono do Temple. Cambre (supervisado)”. Expediente 2021/C003/0000008.
- Acordo de prórroga á anualidade 2023 do Lote 8: (Mantemento, comida) do contrato mixto de servizos e subministración da “Montaxe do evento Open Science Cambre”, do programa ‘Todos deben involucrarse’ a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023. Expediente 2021/C005/000007.

4.3. DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA O EXERCICIO 2023 DO CONCELLO DE CAMBRE

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do Plan anual de control financeiro para o exercicio 2023 do Concello de Cambre, segundo proposta da Alcaldía de data 21 de novembro de 2022 (CVD: uY+DZbhZ7iSxcV39GrWK), que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Dación de conta do Plan Anual de Control Financeiro para o exercicio 2023 do Concello de Cambre.

Tendo en conta a previsión contemplada no artigo 219.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 13 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime do control interno nas entidades do sector público local, en canto establecen que o Pleno da entidade local poderá acordar o réxime de fiscalización e intervención limitada previa, previo informe do órgano interventor, a proposta do presidente da entidade.

Considerando que o Pleno da Corporación aprobou en sesión extraordinaria de data 4 de novembro de 2020 o establecemento do réxime de fiscalización e intervención limitada previa, completada cun control posterior respecto dos expedientes municipais, faise necesaria a aprobación pola intervención municipal do Plan Anual de Control Financeiro para o 2023.

Visto o informe emitido polo interventor municipal con data 21 de novembro de 2022 de aprobación do Plan anual de control financeiro para o 2023 (CVD: DFo0xnhjenQVhJpyZRZR), do cal se da traslado a esta alcaldía para que de conta ao Pleno da corporación para o seu coñecemento.

É polo que se propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Dar conta do Plan anual de control financeiro para 2023 do concello de Cambre, aprobado polo interventor municipal.»

4.4. ROGOS

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202299900006460 o día 21 de novembro de 2022, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e traducidos ao galego din:

1º rogo - Lee o rogo a Sra. Vázquez Golpe:

«Veciños do Temple móstrannos as súas queixas sobre o estado de abandono e deixamento no que se atopa o túnel situado baixo a autoestrada AP-9 á altura da Travesía da Igrexa e o Polígono do Temple.

Tal e como se reflicte nas fotografías que se achegan, ao lamentable estado de limpeza e pintadas do propio túnel, a vexetación desbordante nas súas paredes ou suspendida desde a parte superior; únese a falta de roza e limpeza da súa contorna. Túnel no que nestes días colocáronse dous focos de luces led, que viñeron a mitigar os problemas de seguridade viaria e cidadá sufrida estes últimos meses polos veciños e usuarios do devandito túnel, que convertían ao lugar en inhóspito e inseguro ao chegar a noite, a pesar de ser un lugar de tránsito demandado.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se solicita da concelleira competente, que se resolvan os problemas advertidos no devandito túnel, o máis axiña posible.»

O Sr. Mallo Castro intervén e di que por suposto aceptan o rogo; que o mantemento é un tema de Demarcación de Estradas do Estado e Audasa, que adoita facer unha roza anual; de calquera xeito, di que con data de hoxe, 24 de novembro, enviouse un escrito a Fomento para darlle traslado das queixas recibidas e solicitar que se realice, coa maior celeridade posible, o mantemento da contorna da AP-9 e AP-6, incluídos noiros e pintadas ao paso polo termo municipal.

2º rogo - Lee o rogo o Sr. Abalo Castex:

«Unha vez máis, os veciños do Temple en xeral e os usuarios da Nacional VI en particular, seguimos sufrindo os apagamentos dos farois que iluminan a calzada de tan importante vía, ao seu paso pola cambresa parroquia do Temple; a de maior poboación e volume de tráfico rodado do noso municipio.

Problema que xa foi evidenciado polo Grupo Municipal Popular noutras sesións municipais, tanto plenarios como en comisións informativas nos últimos meses e que segue sen resolverse. Todo iso a pesar de que, como xa advertimos previamente, é evidente o problema de seguridade viaria que xera a absoluta ausencia de luz na vía, para os vehículos que proveñen do veciño municipio de Oleiros, cuxos farois iluminan a calzada por medio de luminarias con luz led, que unha vez entran en Cambre, deixan ás escuras aos condutores; tal e como se observa nas fotografías que se achegan.

Así mesmo resulta do todo sorprendente as sucesivas contestacións ofrecidas pola concelleira de Servizos, o concelleiro de Urbanismo e o propio alcalde de Cambre; que se limitan a referir que non se lles contesta por parte dos responsables da Administración estatal; descoñecendo o porqué da resposta tardía.

E mentres, pasan os meses sen resolver un grave problema de seguridade viaria nunha estrada nacional, sen que os responsables municipais, esixan a súa resolución. Desidia e deixamento do Goberno Central e do Goberno de Cambre que obrigan ao Grupo Municipal Popular a reiterar ao Goberno local de Cambre a que realice as xestións necesarias para que, o máis axiña posible, se resolvan co Ministerio de Fomento e a Dirección Xeral de Estradas, os problemas de insuficiente ou nula iluminación por apagamento dos farois existentes na Nacional VI ao seu paso polo Temple, que seguen persistindo desde hai meses.»

O Sr. Mallo Castro intervén e di que obviamente aceptan o rogo. Di que si se ten comentado moitas veces, noutras ocasións, que se ten feito dende o Departamento de Servizos as reclamacións, tanto formal como informalmente, e de maneira reiterada, e seguen sen acender a iluminación. Di que entenden que é un problema, sobre todo na marquesiña situada próxima ás Casas Bailly; que tal e como se adiantou nas comisións informativas, o concelleiro de Urbanismo falou con Demarcación de Estradas, que confirmou unha avaría que lamentablemente non logran localizar; di que van reiterar, unha vez e ata que sexa preciso, os escritos, que neste caso dirixirán directamente ao xefe de Demarcación, para tentar buscar unha solución a este problema.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que non é tanto o problema de seguridade viaria, porque noutras zonas tampouco teñen iluminación, pero si que é verdade que teñen unha marquesiña que está sen luz, e iso si que é moito máis preocupante, e están insistindo precisamente por iso, porque hai xente que vai coller o autobús a primeira hora da mañá e non ten ningún tipo de iluminación, e iso teñen que arranxalo rapidamente. Agradece o rogo.

3º rogo - Lee o rogo a Sra. González Roel:

«Xa no mes de setembro de 2020, o Grupo Municipal Popular trouxo a pleno o descontento dos veciños de Brexo-Lema pola campaña de rozas levada a cabo no noso municipio en xeral e na súa parroquia en particular; así como o estado de deixamento no que se atopaban a este respecto moitas leiras privadas, convertendo os devanditos lugares non só en intransitables, senón tamén en insalubres xunto á elevada e rápida combustión en

caso de incendio. Descontento que foi reiterado posteriormente por este Grupo Municipal noutras sesións, como a de abril de 2021 á vista das dificultades para transitar polas devanditas vías polo minibús de transporte de persoas con diversidade funcional.

Anos despois, o dito problema segue existindo, tal e como nos trasladan veciños de Brexo-Lema, e se advirte nas fotografías que se achegan, pese ao compromiso persoal do alcalde de Cambre en solucionar o problema. Razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para resolver, o máis axiña posible, os problemas advertidos.»

O Sr. González Leirós intervén e di que por suposto aceptan o rogo; que de todas formas quería aclarar que o problema non persiste; di que o problema solucionouse no seu momento e agora volve a existir, pero que aceptan o rogo, xa mandaron a notificación aos propietarios e agardan que pronto poidan ter a ben cortar a maleza.

A Sra. González Roel intervén e di que agradece que recollan o rogo, pero que é urxente porque o problema é que non pasa o minubús de transporte adaptado, porque se lle raia todo o coche e négase a pasar por alí; entón é un tema bastante grave, e unhas tullas que miden máis de 10 metros, que tapan a visibilidade de todas as casas que hai alí, a ela parécelle que non están dentro da Lei, entón para que tomen as medidas necesarias.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202299900006461 o día 21 de novembro de 2022, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

«Novamente volvéronnos a chegar queixas sobre a nova web municipal e novamente as traemos a pleno. Persoas que intentan acceder a determinadas informacións, resulta practicamente imposible atopar certas cousas que estaban moi accesibles na anterior versión.

Concretamente no apartado de Urbanismo as obras en execución, as licitacións públicas, modificacións e normas subsidiarias, etc.

Motivo polo cal rogamos unha revisión da web, para facer máis accesible a información e poñer a disposición de todas as persoas información tan relevante como a relacionada co Urbanismo.»

A Sra. Pan Lesta intervén e di que recollen o rogo en canto a seguir traballando para ir mellorando cada día máis a web, pero si quere aclarar dúas cousas; di que as licitacións públicas si están publicadas na web, non pertencen a Urbanismo, ese é un tema que pertence a Contratación, e están publicadas no perfil do contratante. E en canto ás modificacións nas Normas Subsidiarias, si que están publicadas na web, na zona de Urbanismo dentro de planeamento urbanístico, é máis, di que dende alí se entra directamente na páxina da Xunta que son os que teñen que aprobar definitivamente esas modificacións e está totalmente actualizada.

2º rogo - Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

«Seguindo na liña do anterior rogo tamén contemplamos que para as votacións para os premios da gala do deporte non hai información das persoas candidatas. Polo tanto ou as coñeces persoalmente a traxectoria das candidaturas, ou resulta moi difícil saber por que están nominadas e coñecer o seu palmarés.

Rogamos para vindeiras ocasións se dea a coñecer a traxectoria deportiva dos/as nomeados/as.»

O Sr. Mallo Castro intervén e di que acepta o rogo, no sentido de que o valorarán para vindeiras edicións; que só lle gustaría aclarar que as nominacións en 17 das 21 categorías, foron propostas polas propias entidades deportivas segundo os seus propios criterios, que poden ser meramente deportivos ou non, polo tanto entenden que ademais dos méritos deportivos hai outros vencellados ao mundo do deporte que tamén se poderían premiar, como calquera valor que fomentase o deporte. Di que, por suposto non esquecen os méritos deportivos, que se valorarán noutras categorías, como a de mellor deportista, pero xa lle di que non descartan incluílo noutras vindeiras convocatorias.

O Sr. Varela Fraguío di que só unha pequena apreciación. Agradece que se recolla o rogo, pero di que si que é verdade que incluso se non son os méritos deportivos, pero igual o motivo polo que o club diga, polo seu compañerismo ou polo que sexa, para que ao final a xente que non os coñece diga foi por ese motivo, por compañeiros, polo seu bo facer, ou porque un día salvou a alguén ao que lle deu un infarto no campo, por ese tipo de cosas. Agradece que se recolla o rogo.

O Sr. Mallo Castro expón que xa nesta convocatoria se lle pediu ao club que fixera un breve resumo de por que os convocaba, pero é a primeira convocatoria deste estilo, polo que recollen o rogo con boa fe para intentar mellorar esta gala do deporte para vindeiras edicións.

(Cando son as vinte e dúas horas e trinta minutos o Sr. alcalde informa de que a pesar de que no rogo número 3 non se vai adoptar ningún acordo, vai aproveitar para ausentarse, dado que van falar da súa familia. Cede a presidencia ao primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós.)

3º rogo - Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

«Tras as noticias de que o concello renuncia ao 10% que lle corresponde para “minimizar” a “débeda” cos donos no ámbito das naves de Malasa, na Costa da Tapia. Dende Alternativa étrannos varias dúbidas para poder valorar ou estimar se o cambio que se propón é xusto. Non coñecemos a contía da penalización da que se fala, nin tampouco o beneficio que se vai levar a empresa co 10% que se lles cede, entre outros datos concretos.

Motivo polo cal rogamos que se achegue o informe técnico e documentación relativa ao tema a todos os grupos da oposición, que fixo que se concluíra tal decisión de cesión dende o concello.»

(Cando son as vinte horas e trinta e un minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro don Ramón Boga Moscoso).

O Sr. González Leirós intervén e di que o documento está en exposición pública dende o 7 de novembro e poden facer as alegacións pertinentes. Di que o concello non pode nin quere renunciar ao 10% do aproveitamento; o que fai o concello é resolver unha débeda adquirida hai 22 anos adquirida polo Concello de Cambre onde o alcalde era Antonio Varela Saavedra, a débeda é do Concello de Cambre; débeda que deixou cando se foi no ano 2011 e aí quedou.

Di que se preguntan como funciona isto, que se pediu a crédito dos propietarios un solo e trasladouse o cobro dos terreos á aprobación do Plan xeral mediante a aprobación dun convenio; a propiedade cedeu inmediatamente os terreos, neste caso os terreos eran para un cuartel da Garda Civil no Temple, para ampliar o parque Ramón Barba, para a apertura das rúas Ánxel Fole e Luis Seoane, ademais de terreos dotacionais en Lendoiro, onde se está a desenvolver agora mesmo o plan especial de dotacións; como dixó, a propiedade cedeu inmediatamente eses terreos e o concello, como fórmula de pago, comprometeuse a ampliar a edificabilidade co Plan xeral dentro da UE-8 B a 8.658 m², e estaban incluídos neses os 4.064 previstos nas Normas subsidiarias; como se ve gobernar a crédito ten as súas consecuencias, e unha delas é que a débeda persiste ata que se abone, governe quen governe; a débeda é do concello e, polo tanto, hai que asumila. As

débedas hai que pagalas e os acordos cumprilos.

Continúa dicindo que a partir diso non cabe discutir se a operación urbanística reflectida no convenio era ou non acertada; non se discute iso, nin se debe discutir, cren eles, se foi conveniente ou non, dado que a evidencia da débeda contraída e o seu cumprimento son incontestables, só cabe resolver os termos do convenio asinado.

Di que no ano 2015 presentouse a propiedade en defensa do seu lexítimo dereito, e puxo o convenio enriba da mesa e tres anexos que había sobre o convenio; que a proposta que lles fixeron foi a seguinte: fixación de prazo para aboamento en metálico ou ir ao xulgado, que non ían asinar máis anexos para aumentar os prazos, nin hai máis dilacións e consideraban que deran tempo máis que suficiente. Di que o concello abriulles unha porta a unha modificación puntual para non ter que aboar iso monetariamente e non ter que sacalo dos orzamentos municipais; que tras unha certa reticencia aceptaron; eles pagarían os documentos necesarios, e o concello os tramitaría; e quere dicir aquí que incluso poderían, ao seu humilde entender, obrigar ao concello a que pagara el o tema, dado que o problema viña derivado do propio concello, non viña derivado deles, pero ben, pagaron eles os temas.

Di que a conclusión, por tanto é que o 10% como parte do patrimonio municipal do solo, procedente da xestión urbanística, úsase para aboar unha débeda derivada dun convenio urbanístico, o que está dentro das súas funcións, das funcións do 10%; que por outra parte, volve repetir, o expediente está en exposición pública, poden formular as alegacións que crean convenientes, e estudaranse con todo rigor.

(Cando son as vinte horas e dúas horas e trinta e cinco minutos reincorpórase ao salón de sesións don Ramón Boga Moscoso).

O Sr. Varela Fraguío manifesta que supón que o rogo non se recolle, imaxínase que non. Di que son varias cousas as que ten que dicir; que é curioso que os propietarios se presenten no 2015, que no 2015 ¿que pasou no 2015?, que entrou UniónxCambre a gobernar; di que é verdade, que si; agora veñen e asinan o convenio con Óscar A. García Patiño, perdón, o alcalde de Cambre. Di que é moi curioso todo; que o que si lles renxe é que curiosamente hai un mes, dous meses, publicouse na web do concello que o concello ía anular non sabe cantos convenios que habían vencido; que entón rénxelles se falan diso, e por riba considerando, sen ser técnicos en urbanismo, nin en licenzas, nin en cousas desas, cren que un 10% de terreo no Temple é moito máis que noutras zonas, e se xa está bastante saturado, cren que ese 10% se destine a máis edificabilidade, cren que lles fai un fraco favor.

A Sra. García Hidalgo solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que manifesta que ela pediu entrar neste rogo porque dado que o concello perde esa edificabilidade do 10% no ámbito das naves de Malasa, porque segundo dixeron cédena aos propietarios, á familia do alcalde, polo cal o alcalde decidiu saír, e dado que esa renuncia, incluso o Sr. Leirós acaba de volver a xustificala dicindo que é para minimizar a débeda, ela cre que ese aproveitamento poderíase dar noutra unidade de execución, e iso o goberno non o tivo en conta. Pregúntalle por que ten que ser no Temple; di que xa llelo teñen dito aquí nalgún pleno. Di que iso é algo moi estraño, poderíase dar esa edificabilidade noutra unidade de execución; e o mesmo que o convenio, di que é un convenio totalmente abusivo e malo para Cambre, contra os intereses de Cambre. Pregunta por que non se vai poder un convenio que se fixo desa maneira, por que non se vai poder revisar. Pregunta se pediron, non sabe, un informe xurídico sobre a posibilidade de revisar ese convenio que tanto dano lle vai facer ao Concello de Cambre; di que non o pediron, e ao mellor poderíase revisar; que o que di de que ceder esa edificabilidade se podería dar noutra unidade de execución é que o pon o propio convenio, non o está a dicir ela, é que o pon no propio convenio, que non ten por que ser aí no Temple. Di que isto supón unha perda para todos os veciños, unha perda evitable.

Di que o teñen falado xa nalgunha que outra ocasión, e cre que iso non consta no informe que está aí en exposición pública, e cre que son cousas que deberían informar; primeiro, por que non se ten revisado ese

convenio cunhas condicións tan draconianas para Cambre; segundo, por que lle ceden ese 10% no Temple, se o convenio pon que pode ser noutras unidades de execución. Non o sabe.

O Sr. González Leirós dille ao Sr. Varela Fraguío que pode desconfiar o que queira, pero el rogaríalle que antes de desconfiar lera os documentos, porque igual chega a unha conclusión e non ten que volver aquí. Dille que el sempre estivo á súa disposición, ténllelo dito moitas veces, para ver estes temas, con independencia do que o señor concelleiro pense. Pídelle que primeiro pregunte, que obteña a información, e que despois razoe e que veña aquí e o comente.

Explícalle que isto foi así porque xa o Sr. Varela Saavedra, no ano 2011, despois de vinte e tanto anos, conseguiu asinar un convenio con eses señores ampliando o prazo ata o 2014, polo tanto non tiña sentido que o PP no 2014 fixera ningún xesto sobre este tema, nin que a propiedade dixera nada. Pídelle que primeiro se informe e despois faga a crítica conveniente. Di que non hai máis que iso e rógalle que antes de vir aquí a facer ningunha insinuación, un tanto humorística pola súa parte e cre que aí non estivo acertado, se informe do que son os convenios. Segue a dicirlle que se fixo un convenio e tres anexos, onde se foron engadindo un ano máis, dous anos máis, tres anos máis; que se eles cren que iso non é paciencia por parte dos Lamelas, que comprenderán que el non ten por que defendelos, pero pensa que alguén que agarda 20 anos por un tema chega un momento en que pode cansarse e dicir que se acabou, el cre que teñen o seu dereito a dicilo, pero dilles que eles valorarán; que aquí están actuando sobre un tema de equidistribución, a modificación puntual ten sido aprobada definitivamente pola Xunta de Galicia, polo tanto ese tema non o vai tratar agora aquí, xa está concluído; que en canto a si se podería ou non cambiar o convenio, el tampouco é xurista, pero o que si sabe é que un convenio é un contrato, e probablemente na orde contencioso-administrativa non teña valor, pero na orde civil, si. Dille á Sra. García Hidalgo que claro que se asesoraron, non son tan botados para adiante, nin teñen tanto interese en que os Lamelas teñan a súa edificabilidade; que é máis, persoalmente el cre que este convenio é un convenio excesivo, pero está, está asinado, e é un contrato, e os contratos cúmprense. Non lle poden ir despois ao xuíz e dicirlle que se teñen equivocado cando o fixeron; que é así de sinxelo e, polo tanto, hai que asumir con aquilo que o concello ten que facer; que estas alegacións tería que telas feito a concelleira coa modificación puntual das Normas, cando se fixeron, agora non caben, xa están.

Segue dicindo que van aclarar conceptos: que non ceden nada, xa o teñen dito no escrito anterior, nada, non ceden nada, o que fan é pagar unha débeda. Non ceden nada. Ceder é unha cuestión e o outro é pagar, pagar unha débeda.

Dille á Sra. García Hidalgo que non renuncian, que como van renunciar se están adquirindo o 10% para despois devolvér llelo; pídelle que lea o convenio tamén; que hai que pagar en aproveitamento, en principio; que se o aproveitamento non se pode meter dentro da unidade de execución, pídelle que lea o convenio, pagarase en unidades de execución, segunda opción, e terceiro pagarase en diñeiro; que, polo tanto, neste caso como o aproveitamento podíase meter dentro da unidade de execución, pois o primeiro é pagalo dentro da unidade de execución, que é o que marca a normativa; por que? porque o aproveitamento hai que pagalo segundo o valor que vale a unidade de execución, porque así está suscrito o convenio e, polo tanto, é así de fácil e sinxelo; que non ten máis revoltas, é máis o aproveitamento que tiñan previsto eses señores de 8600 m² non foi posible metelo dentro da unidade de execución, porque era unha barbaridade, e polo tanto téñense quedado sen parte do aproveitamento, 375 m² tiveron que renunciar a el, porque o concello lle dixo que por aí non pasaba, que as alturas eran esas, as medidas eran esas, as directrices eran esas, e todo o que superase iso non ía ser permitido, co cal, a propiedade interesarlle o querería acabar xa con isto, seguramente, e dixeron que perdían eses metros cadrados.

Conclúe dicindo que, ademais, ese 10% ten que ser exclusivamente dispoñible para vivendas de protección oficial, co cal queda garantida a posición de que non están facendo ningún exercicio de darlles unhas ganancias inmensas aos Lamelas porque son primos de García Patiño; di que máis neste caso parecerían primos de don Antonio Varela Saavedra por ter agardado 22 anos por pagar. Di que esta última mención ao mellor non tiña que

tela feito, pero saúlle de golpe.

(Cando son as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos, retoma a Presidencia da sesión o señor alcalde don Óscar A. García Patiño).

ROGO DO BNG PRESENTADO ORALMENTE

Único rogo - O Sr. Brais Cubeiro formula o seguinte rogo:

«Rogamos atendan ao acordo adoptado pola Comisión Especial de Honores e Distincións, e ratificado en pleno o 25 de abril de 2019, para a designación dunha rúa ou praza do municipio a nome de Luciano Costa García e José Pérez Ferreiro.»

O Sr. alcalde intervén e di que acepta o rogo pero dille ao Sr. Cubeiro que saben que hai tamén outros que están aprobados antes que este, pero si, cando teñan unha rúa ou unha praza nova, evidentemente claro que o van cumprir, non só con ese, senón con todos.

ROGO DE C'S PRESENTADO ORALMENTE

Único rogo - A Sra. García Hidalgo formula o seguinte rogo:

«Hai un ano, en novembro de 2021, pedimos que se realizase un control sobre o uso dos vehículos do concello. A resposta da concelleira de Economía e Facenda foi: “non hai control, nin tampouco é algo que se expoñan”.

No código ético aprobado en maio pasado faise mención nunha serie de regras que figuran no artigo 7.b ao seguinte: “Usar de maneira adecuada e responsable e exclusivamente para o cumprimento das funcións asignadas ao cargo ou posto, os medios ou recursos municipais de toda índole e natureza, como entre outros as instalacións e dependencias, e os vehículos do parque móbil”.

Por todo iso rogamos a emisión dun informe técnico municipal que xustifique a necesidade ou non, dun control sobre o uso, rexistro de circulación, mantemento, persoal autorizado para o seu uso, gasto e custodia dos vehículos municipais, excepto os da policía local.»

O Sr. alcalde manifesta que se contestará por escrito.

4.5. PREGUNTAS

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202299900006460 o día 21 de novembro de 2022, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e traducidas ao galego din:

1ª pregunta - Lee a pregunta o Sr. Abalo Castex:

«Nos últimos días, veciños e usuarios do Paseo Marítimo do Temple observaron a existencia de diferentes obras ou valados que dificultan o seu goce. Así, o parque infantil existente na contorna da Casa das Palmeiras tivo clausurados varios días, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, distintos espazos, como consecuencia do que parecen ser labores de mantemento das palmeiras alí existentes, co perigo que iso supón.

Así mesmo, nos arredores do parque biosaudable existente no paseo marítimo, advírtese un enorme buraco co valado e a máquina que aparece nas fotografías que se achegan, co perigo que iso evidencia, durante, polo menos, catro días consecutivos.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta polos problemas advertidos e datas previstas para a súa total reparación.»

A Sra. Parceró Quiñoy intervén e di que, en canto á palmeira á que fai referencia, e a pesar de estar previamente tratada, foi infectada pola praga do picudo vermello, por iso foi necesaria unha actuación de urxencia, actuación que a día de hoxe xa está finalizada; que en canto ás obras nos arredores do parque biosaudable, foron provocadas polo desfondo dun pozo de pluviais da zona; que as reparacións necesarias xa concluíron, debendo agardar a un par de días secos para pensar o terreo e finalizar a reconstrución do tramo da beirarrúa afectado.

2ª pregunta - Lee a pregunta a Sra. González Roel:

«Seguen sendo constantes as queixas recibidas por este Grupo Municipal Popular respecto da recollida e tratamento de lixos no noso municipio. Xunto aos puntos negros de depósitos incontrolados de todo tipo de bens e aveños, únense a falta de limpeza e mantemento dos contedores dos distintos tipos de residuos, así como a deficiente asiduidade na recollida e descarga deles; tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta á concelleira competente sobre os extremos referidos e as propostas ou solucións previstas para resolvelos o máis axiña posible.»

A Sra. Parceró Quiñoy contesta dicindo que as queixas ás que fan referencia nesta pregunta xa foron trasladadas ao Consorcio, o cal transmítelles o seguinte: en canto ao enchido de contedores realizouse unha análise punto por punto nas zonas urbanas do Temple e A Barcala; en moitos casos detéctase efectivamente lixo fóra dos contedores, pero non en todos e por enchido completo destes; non obstante, para corrixir esa situación implementouse un servizo complementario á carga lateral de recollida; que ese servizo complementario consiste en recollida de bolseo, con camións de caixa aberta os domingos.

Di que, de todas maneiras, solicitóuselle ao Consorcio o seguimento do punto que lles traslada o grupo municipal do PP na fotografía para verificar a necesidade real, e dilles que se teñen coñecemento dalgún outro punto, agradeceríalles que fora trasladado; que en canto ao mantemento, o Consorcio informa de que os avisos son atendidos o máis axiña posible, contando no que vai de ano con 171 contedores reparados e 28 contedores novos instalados substituindo unidades rotas; que o lavado de contedores realízase trimestralmente nos meses de inverno e mensualmente nos meses de verán, con variación das frecuencias indicadas nas zonas urbanas pola cantidade de hostalaría e comercios existentes; que tamén, e tendo en conta que con isto fixeron máis dunha pregunta, di que en canto á presenza de depósitos incontrolados no Concello de Cambre, indicarlles que os veciños dispoñen de 8 puntos limpos para a xestión de residuos, tanto voluminosos como pequenas obras domiciliarias; que teñen establecido un roteiro semanal de recollida de voluminosos, todos os martes, logo de solicitude de maneira telefónica; que en todos os puntos habituais de vertedura existe un cartel informativo indicando o anterior, para desfacerse dos residuos de maneira correcta, ademais das posibles sancións ás que se expoñen se non o fan. Di que se incrementou a vixilancia nesos puntos, na medida do posible.

Remata a súa intervención dicindo que sendo consciente de que o depósito irregular de aveños e lixo na vía pública é un grave problema, que por desgraza non afecta única e exclusivamente a este concello, debe apuntar que dúas das fotografías que lles achegan nesta pregunta xa foron trasladadas nas pasadas comisións informativas do mes de setembro; que dende entón realizouse a retirada e limpeza da zona, comprobando por técnicos municipais o correcto estado delas antes de finais do mes de setembro mencionado.

O Sr. alcalde intervén e di que este é un problema que sofren todos os concellos, e se falan con algún alcalde diralles que é exactamente o mesmo; que colleron a dúas persoas en Altamira, tiveron a sorte de collelos, e tamén o Seprona, facendo unha investigación por unha denuncia que fixo o concello, na cementeira en Cecebre, na estrada esa que agora non ten saída e que parece tamén un vertedoiro, tamén identificou non sabe se a tres ou catro individuos; que non os colleu in situ, senón que parece ser que por documentación aparecida na zona, abriulles un expediente.

Di que é a única forma en que aprenden, e iso que saben que o punto limpo está ao carón; que non teñen por que tirar nada alí, van ao punto limpo e xa está; di que é lamentable.

3ª pregunta - Lee a pregunta a Sra. Vázquez Golpe:

«Á vista das numerosas queixas recibidas polos nosos veciños respecto do funcionamento das distintas zonas de aparcamento limitado existentes no noso municipio (zonas azuis), así como o incremento de sancións impostas por denuncias derivadas dos devanditos feitos, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase polo importe total que en cada un dos últimos catro exercicios supuxo para as arcas municipais a recadación por sancións impostas por incumprimento das obrigacións derivadas do estacionamento regulado.»

O Sr. Mallo Castro contesta dicindo que neste momento non é posible facilitar os datos solicitados e vailles explicar o porqué. Di que a Policía Local de Cambre, unha vez trasladada a súa pregunta e facendo as xestións oportunas transmítelles, e cita textualmente: “Unha vez requirido pescudar o importe que as sancións por infraccións nas zonas de limitación horaria supuxeron para as arcas municipais nos últimos exercicios anuais, dende a Unidade de Sancións da Deputación Provincial da Coruña se me remitiu ao departamento de Recadación e Contabilidade da dita administración, alí, tras consulta específica, se me informa que non teñen ningunha ferramenta que lles permita disgregar a recadación por preceptos infrinxidos, é dicir, non é posible saber o dato que lles ocupa. Cabe salientar que o mencionado acto non é preceptivo para o funcionamento da Policía Local, pois a recadación non é, nin debe ser, un dato relevante do desenvolvemento dos labores de vixilancia e disciplina do tráfico, razón pola cal non se ten desenvolvido nin implementado a ferramenta necesaria para extraer a dita información.”

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202299900006461 o día 21 de novembro de 2022, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Lee a pregunta a Sra. Sánchez Vieites:

«Mes tras mes tráese a pleno o mal estado do noso patrimonio, en especial os lavadoiros, e a resposta que nos dan dende hai dous anos é a mesma: esperando un contrato. Contrato que non dá chegado e mentres o patrimonio segue abandonado.

Neste caso achegamos dúas fotos do lavadoiro que está pegado á biblioteca central.

E reiterámonos en volver a preguntar polo contrato que permitirá atendo o patrimonio.»

O Sr. Boga Moscoso contesta dicindo que mes a mes, dende hai dous anos, lamentablemente, dilles que non pisen que non é polas gañas que el ten de sacar este contrato adiante, dicirlle que o prego de limpeza de parques e xardíns, no que vai o lote de limpeza e mantemento de fontes e lavadoiros está en proceso de revisión. É dicir, agora mesmo o departamento de Secretaría municipal está elaborando o informe pertinente; agora mesmo, nestes momentos.

2ª pregunta - Lee a pregunta a Sra. Sánchez Vieites:

«Cursada visita, desde Alternativa dos Veciños, á obra do local social de Cela. Atopámonos coa sensación dunhas escaleiras moi empinadas e sen varanda, vendo que a rampla si dispón de varanda. Preguntamos se se ten pensado incluír unha varanda nas escaleiras?»

O Sr. González Leirós contesta dicindo que a verdade é que non, e di que explica por que é o tema. Di que ao ter unha alternativa de acceso, o que é a rampla, supoñen que aquel que teña dificultades para subir, subirá pola rampla; que de calquera forma recollen o rogo que lles fai e estarán atentos a se hai dificultades, pero o tema da varanda agora mesmo non teñen pensado.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS ORALMENTE

O Sr. Cubeiro Fernández formula as seguintes preguntas:

«O pasado luns 21 de novembro houbo inundacións en baixos da rúa Graduil. Nesa mesma zona houbo obras que se alongaron varios meses e que non arranxaron os problemas de filtracións, ou mesmo que os empeoraron, de feito parece ser que o martes 22 responsables da empresa que realizou as obras estiveron de novo nesa zona para ver que puido acontecer. Polo tanto, preguntamos:

1. Os problemas de filtracións veñen derivados das obras realizadas na zona nos últimos meses?
2. Se esas obras xa realizadas non deberían ter solucionado xa este problema.
3. Cal é o papel de Augaservi nestes problemas de filtracións na zona antes mencionada.»

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cincuenta e sete minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, do fe.

Vº e praxe
O presidente
(Asinado dixitalmente)

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
(Asinado dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo